



# **DIAGNOSTICO SOCIODEMOGRÁFICO DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE VILABOA**

Avalia Grupo de Coordinación, marzo de 2022



## **INDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN**

### **2. PROCESO METODOLÓGICO**

### **3. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUANTITATIVA**

#### **3.1. TERRITORIO**

#### **3.2. DEMOGRAFÍA**

#### **3.3. EDUCACIÓN**

#### **3.4. MERCADO LABORAL**

#### **3.5. BENESTAR SOCIAL**

#### **3.6. VIOLENCIA DE XÉNERO**

### **4. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUALITATIVA**

### **5. CONCLUSIONES**

### **6. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA**



## 1. INTRODUCCIÓN

A pesar dos grandes avances producidos nas últimas décadas en materia de igualdade, seguen a persistir múltiples desigualdades e discriminacións entre mulleres e homes en todas as esferas sociais. Acadar a igualdade formal entre mulleres e homes no ordenamento xurídico non implica a existencia de igualdade real. Polo tanto, para erradicar a desigualdade existente, é imprescindible a posta en marcha de políticas de igualdade de oportunidades dirixidas a todos os ámbitos sociais.

O diagnóstico de igualdade constitúe unha ferramenta de traballo que permite identificar as necesidades existentes no territorio e en función disto, deseñar accións dirixidas a superar as desigualdades detectadas entre mulleres e homes. Esta diagnose ten como finalidade ser o marco onde que se basea a actuación municipal en materia de políticas de igualdade de mulleres e homes. Neste sentido, permitirá intervir na acción municipal de xeito sistemático e programado.

O Concello de Vilaboa, como institución pública máis próxima á cidadanía, convértese no ámbito idóneo para coñecer as opinións, necesidades e inquiredanzas da poboación da localidade, fundamentalmente para fomentar a súa participación e colaboración na elaboración do Plan de Igualdade deseñado mediante unha metodoloxía activa e participativa.

Para elaborar o Plan de Igualdade de Oportunidades da cidadanía do Concello de Vilaboa é imprescindible coñecer, en profundidade, a realidade social na que se vai intervir. Por este motivo xorde a necesidade de realizar un *Diagnóstico Sociodemográfico de Mulleres e Homes do Concello de Vilaboa* que nos proporcione información sobre cal é a situación actual da poboación de Vilaboa desde a perspectiva de xénero e facilite a detección e análise das “fendas de xénero” existentes.

Este documento recompila os resultados extraídos da análise comparativa dos indicadores cuantitativos sobre a poboación de Vilaboa nos últimos anos, tendo como obxectivo ofrecer unha visión actualizada das desigualdades entre ambos sexos en cada un dos ámbitos analizados. Ao mesmo tempo, expón información cualitativa extraída das opinións e achegas realizadas polas e polos axentes sociais e comunitarios da localidade que participaron e colaboraron na elaboración do mesmo.

Finalmente, mencionar que este documento non sería posible sen a participación e colaboración das persoas e axentes sociais e comunitarios da localidade. Agradecemos a súa participación, implicación e colaboración.



## 2. PROCESO METODOLÓGICO

Este diagnóstico amosa unha análise da situación de mulleres e homes do Concello de Vilaboa desde a perspectiva de xénero. O seu obxectivo fundamental é analizar a situación global e diferencial de mulleres e homes da localidade en diversos ámbitos. A información recollida nos proporcionará información sobre a situación actual, e permitirá detectar as carencias e necesidades existentes, para deste xeito, analizar os cambios necesarios para corrixir as posibles situacións de desigualdade. Polo tanto, unha vez realizada a análise dos datos, obteremos un documento de traballo que nos permitirá intervir na realidade do territorio desde a perspectiva de xénero.

O informe diagnóstico ten como obxectivos:

- Elaborar un marco de referencia, que facilite e oriente as políticas e actuacións municipais dirixidas a desenvolver a promoción da igualdade.
- Establecer un diálogo entre o concello e axentes sociais e comunitarios da localidade, creando sinerxías entre as entidades sociais e a Administración local, a fin de identificar as principais desigualdades de xénero detectadas

O proceso metodolóxico empregado para a elaboración do diagnóstico social das mulleres e homes de Vilaboa foi elaborado tendo en conta dous niveis de análise: cuantitativa e cualitativa.

A **Análise cuantitativa**, realizada a través de datos procedentes de diversas fontes documentais secundarias consultadas (Organismos estatais e autonómicos, entidades...etc)

Nesta análise establécese en primeiro lugar as principais áreas de investigación a realizar e delimitáanse os indicadores desagregados por sexo que van ser analizados en cada ámbito de investigación. As áreas establecidas son: Territorio e medio; Demografía; Educación; Mercado laboral; Benestar Social e Violencia de Xénero.

A continuación lévase a cabo a recollida de información procedente de diversas fontes documentais secundarias (Informes e estatísticas do Instituto Nacional de Estatística, Instituto Galego de Estatística, Base de datos da Consellería de Traballo e Benestar, Nomenclátor, Portal Estatístico do Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdad, Base datos da Seguridade Social, Web do Concello de Vilaboa, etc. Neste sentido, destacar que nos atopamos con límites á hora de elaborar este informe desde a perspectiva de xénero debido, fundamentalmente, á inexistencia de datos actuais desagregados por sexo e/ou a nivel municipal. Na actualidade, son moitos os organismos e entidades que non desagregan os datos por sexo a nivel municipal.

Salientar, que realizamos unha análise de datos a nivel provincial, Comarcal, autonómico e Estatal feito que permitiu entender e enmarcar a situación das mulleres de Vilaboa nun contexto máis amplo, permitindo establecer comparacións e visibilizando as diferenzas específicas das mulleres desta localidade.

Deseguido, puxémonos en contacto cos departamentos municipais, solicitando a súa colaboración e participación co obxectivo de recoller a información e as achegas e suxestións que consideraran oportunas para paliar as situacións de desigualdade existente entre mulleres e homes na localidade.



A **Análise Cualitativa** foi levada a cabo a través dun proceso participativo, que nos proporciona información procedente de fontes primarias. Destacar que para realizar unha diagnose social dun territorio resulta imprescindible contar coa participación das persoas vinculadas ao mesmo. Neste sentido, e coa finalidade de recadar a maior información posible, elaborouse o deseño dun proceso participativo, que tentou abarcar ao maior número de persoas, asociacións, organismos e entidades presentes na localidade. O obxectivo destes contactos foi conseguir a implicación de todas e todos, a recollida de información, así como, as reflexións e opinións que nos proporcionaron unha visión da situación social da localidade e que facilitaron orientar o diagnóstico.

Nalgún caso, debido á escasa ou nula asistencia de participantes ás convocatorias de reunión, realizouse unha segunda convocatoria, enviando e-mail e informando, de novo, do proceso posto en marcha. Ofreceuse tamén a posibilidade de participar vía telemática, a través do envío de propostas ou suxestións mediante o correo electrónico, coa finalidade de facilitar a máxima participación e dar a maior cobertura e facilidade posible para recoller o maior número de achegas e suxestións da cidadanía.

Realizáronse reunións e ou entrevistas coas directivas e/ou representantes de: Centros educativos, ANPAS, Orientadora Laboral do CPI do Toural, Asociación de Mulleres de Vilaboa, Asociación de Mulleres Rurais, Asociacións Veciñais, Asociacións Culturais e Clube de Pensionistas.

Solicitouse tamén a participación de diversos Departamentos municipais: Emprego, Xuventude e Servizos Sociais coa finalidade de recoller as propostas e suxestións que segundo o seu coñecemento e experiencia de traballo da realidade de Vilaboa deberían terse en conta e incluírse neste documento. Enviouse información a través do correo electrónico solicitando a súa colaboración á: Asociación da Mocidade de Vilaboa, Asociacións Deportivas, Comunidades de Montes, persoal sanitario do Centro de Saúde de Vilaboa (persoal médico, enfermería e matrona) e Grupos políticos municipais. O seu obxectivo foi recoller opinións e suxestións sobre as necesidades e desigualdades existentes na localidade e as achegas oportunas para palialas.

Resulta importante destacar que unha diagnose de igualdade constitúe unha ferramenta que permite identificar carencias e necesidades e deseñar accións dirixidas a superar as desigualdades existentes entre mulleres e homes. A través da información obtida poderemos amosar a situación actual e detectar os posibles cambios a realizar coa finalidade de orientar as futuras políticas públicas.

O Diagnóstico Sociodemográfico de Mulleres e Homes do Concello de Vilaboa foi elaborado tendo en conta os dous niveis de análise mencionados: A dimensión técnica analizada pola equipa de investigación e o conxunto de reflexións, consideracións e recomendacións xeradas no proceso de participación. Polo tanto, este documento que presentamos, establécese como a ferramenta estratéxica que permitirá intervir de xeito sistemático e programado na acción municipal en materia de igualdade de oportunidades.




### 3. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUANTITATIVA

#### 3.1. TERRITORIO

Vilaboa é un municipio da comarca de Pontevedra, situado nas Rías Baixas, ao suroeste da comunidade autónoma de Galicia. Localízase ao suroeste da capital da provincia de Pontevedra, na Enseada de San Simón, no interior da ría de Vigo. Ocupa unha **superficie** de 36,82 quilómetros cadrados.

Vilaboa limita co Concello de Marín ao norte-noroeste, con Soutomaior ao sur-sueste, Ponte Caldelas ao noroeste e Moaña ao suroeste. As coordenadas xeográficas do municipio son Latitude 42°20'50" Norte e Lonxitude 8°38'47" Oeste, cunha altitude de 22 metros sobre o nivel do mar.

Mapa de Vilaboa




fonte: [http://www.vilaboa.org/localizacion\\_cast.html](http://www.vilaboa.org/localizacion_cast.html)

Territorialmente está formado por cinco **parroquias**: San Martín de Vilaboa, San Andrés de Figueirido, Santa Comba de Bértola, Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres. O núcleo municipal é o lugar de Toural, na parroquia de San Martín de Vilaboa.




Mapa das parroquias de Vilaboa



fonte: [http://www.vilaboa.org/parroquias\\_cast.html#vilaboa](http://www.vilaboa.org/parroquias_cast.html#vilaboa)

O clima<sup>1</sup> de Vilaboa é propio das Rías Baixas, oceánico húmido de tendencia árido. Caracterízase por chuvias concentradas en inverno, oscilación térmica débil, temperaturas suaves e déficit hídrico durante o verán. A temperatura media é de 11,4°C, sendo agosto o mes máis cálido superando os 20°C. As temperaturas medias máis baixas prodúcense no mes de xaneiro 7,9°C. As precipitacións oscilan entre os 44 e 95mm, a media de precipitación anual é de 1.277mm. As maiores precipitacións concéntranse entre os meses de outubro a xaneiro, sendo as máis reducidas os meses de xullo e agosto.

Climograma concello de Vilaboa



fonte:

1 Plan de Acción por el clima y la energía sostenible. Municipio de Vilaboa.



A **nivel topográfico**<sup>2</sup>, Vilaboa é un territorio bastante accidentado, con pendentes pronunciadas e unha topografía plana nos vales da franxa costeira. As principais elevacións corresponden á serra de Domaio (máis de 500 m.), acadando a máxima altura no cumio de Coto Redondo (536 m.) ao oeste do municipio e os picos de Pedra Miranda e Chan da Laxe entre 190 e 330 metros. Está situada no macizo granítico de O Morrazo na marxe dereita da Ría de Vigo, dende o Estreito de Rande ata o fondo da Ría, onde se sitúa a Enseada de San Simón. Esta fronte costeira caracterízase por unha morfoloxía de entrantes e desembocaduras, con pequenas enseadas e cabos.

Ao fondo da ría sitúanse as marismas de Vilaboa, entre os paraxes de Paredes e Toural. Entre os acantilados destacan Punta Pereiró e Punta Cabalo, Punta Corniche, Punta de Xundico, Punta Castelo e Punta Ulló, que forman a enseada de Vilaboa.

A **rede hidrográfica**<sup>3</sup>. Os principais ríos que transcorren pola localidade son: Maior, o máis importante do municipio, que ten a súa orixe no monte Castiñeiras na serra de Domaio, en paralelo está o arroio Entrecostiñas. O río Tuimil que nace ao oeste da serra do Morrazo no cruce de dous arrosos ao fondo da ría, formando as marismas de Vilaboa. O río Tomeza, en Coto Loureiro ao leste do municipio, atravesa pola parroquias de Bértola e Figueirido, desembocando na ría de Pontevedra. O río Gafos nace no concello de Vilaboa e desemboca na ría de Pontevedra. En xeral, todos os ríos do municipio conforman vales de regadío.

Vilaboa está situada nun entorno natural onde destaca o Parque Natural de Cotorredondo, o lago de Castiñeiras, as Salinas de Ulló e as praias da Enseada de San Simón. Entre as **Áreas de Especial Conservación** (ZEC) destaca a Área Natural Protexida da Enseada de San Simón, cunha rica e importante diversidade de ribeira e marisma, onde durante o inverno hai gran cantidade de aves acuáticas e mariñas en invernada. Destaca a presenza de garzas, patos, mazaricos, pillaras, gaivotas, cormorans, etc. A Enseada de San Simón está integrada na Rede Natura 2000. As Salinas de Ulló forman parte da Enseada de San Simón, e están enclavadas no val de Ulló. Espazo de gran valor natural, que está incluído na Rede Natura 2000. Nesta zoa fúndense catro ecosistemas: o bosque de ribeira, a carriceira, a marisma e a enseada, que acollen unha importante colonia de aves migratorias.

En abril de 2016, a Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo solicitou á Xunta de Galicia a clasificación da área de Especial Importancia Paisaxística (AEIP) para o espazo natural do Mar de San Simón e Área de Atención Especial da Paisaxe (AEAP) para o Monte de Cabalo e o Monte da Croa-Castro de Acuña, dentro do Catálogo de Paisaxes de Galicia. As salinas de Ulló tamén son un espazo natural protexido da rede Natura 2000.

Respecto das **comunicacións** viarias, polo concello de Vilaboa transcorre a estrada N-550 de A Coruña a Tui e a N-554 que une a estrada N-550, ao seu paso por Vilaboa, con Domaio e Moaña, onde liga coa AP-9 a estrada 551 e CG-4.1 (Corredor do Morrazo). A Autoestrada do Atlántico AP-9, pasa tamén por este municipio e ten entradas e saídas nas parroquias de San Adrián e Figueirido. Conta tamén cunha rede viaria provincial e local dentro do municipio que conecta os distintos núcleos de poboación.

2 Plan de Acción por el clima y la energía sostenible. Municipio de Vilaboa.

3 Plan de Acción por el clima y la energía sostenible. Municipio de Vilaboa.





A nivel aéreo salientar que os aeroportos máis próximos son o de Vigo a 21,5Km e Santiago de Compostela a 82,8Km que permite enlazar con diversos destinos españois e internacionais. A rede ferroviaria, Vigo-Santiago de Compostela-A Coruña, no seu paso por Vilaboa non ten apeadeiros, as estacións de tren máis próximas son Pontevedra (9,5km) e Vigo (18,9km), ambas están comunicadas pola A-9 e N-550.

En relación cos grandes núcleos de poboación, este concello atópase a 10,5 km de Pontevedra, a 19 km de Vigo, a 72,6 km de Santiago de Compostela, e a 143,5 km de A Coruña. A distancia con Madrid é de 605 km e 162,6 km con Porto (Portugal).

O Concello de Vilaboa conta coas **infraestruturas educativas, culturais e sociodeportivas** que a continuación mencionamos

**Infraestruturas educativas:**

- CPI do Toural, situado no Toural: educación infantil, primaria e secundaria
- CEP Plurilingüe de Riomaior, localizado en Riomaior: educación Primaria
- Centro Rural Agrupado de Vilaboa: CRA Figueirido; CRA Bértola; CRA Paredes; CRA de Barciela e CRA Pousada.
- Galescola Vilaboa: nenas e nenos de 0-3 anos.

Entre as **infraestruturas culturais, sociais e deportivas** destacar:

- A Biblioteca Municipal de Rio Maior (San Adrián de Cobres)
- Casa da Cultura de Rio Maior (San Adrián de Cobres)
- Centros Sociais de: Paredes, O Picho, Santa Cristina, Figueirido e Bértola.
- Pavillón do Toural e Pavillón de Rio Maior.
- Escola de Música e Banda de Música de Vilaboa.
- Escola de Teatro de Vilaboa

Respecto das **Infraestruturas sanitarias**, na actualidade no Concello de Vilaboa únicamente funciona o Centro de Saúde do Toural, xa que o Consultorio de Santa Cristina de Cobres foi pechado polo Sergas no ano 2020.



### 3.2. DEMOGRAFÍA

A análise da estrutura demográfica da poboación de Vilaboa toma como referencia os datos relativos aos indicadores básicos para a poboación do ano 2019, 2020 e 2021 analizados nos seguintes apartados:

3.2.1 Pirámide

3.2.2 Cifras

3.2.3 Indicadores

3.2.4 A modo de Resumo

A razón de que todos os datos achegados non sexan do último ano en curso é que no momento da recollida da información non se atoparon reflectidos nin explotados nos Institutos oficiais de Estatística. Co obxectivo de ofrecer un panorama o máis amplo posible, achegamos datos da última década. Do mesmo modo tentamos acompañar os datos de Vilaboa cos comarcais, provinciais e galegos, co ánimo de referenciar a información vertida.


Todos los datos achegados están desagregados por sexo.

#### 3.2.1 Pirámide

A imaxe que nos ofrece unha mellor panorámica da estrutura demográfica dun territorio é a **pirámide** da poboación. Este é un esquema de representación da estrutura da poboación formada por dous diagramas de barras enfrontados, un para mulleres e outro para homes, no que cada barra representa un grupo de idade, situándose a poboación máis nova na base e a de maior idade na parte superior.

As pirámides de poboación das sociedades desenvolvidas cada vez son menos piramidais e máis ovaladas ou rectangulares, caracterizadas por un estreitamento da base (poboación máis nova), un ancheamento de distinta intensidade na parte central da pirámide (idades adultas) e un pico de pirámide amplo (poboación maior).

Gráfico-1- Pirámide de poboación de Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.



Para interpretar esta gráfica cómpre ter en conta que as barras da dereita representan á poboación de mulleres (cor lila) e a da esquerda (cor verde) a dos homes, do mesmo modo que os intervalos numéricos representados nas barras indican o tramo de idades e o eixe de abscisas (horizontal) amosa o número de persoas. Un exemplo de lectura é que a poboación de mulleres de máis de 85 anos é de máis de 200 (exactamente 224) mentres que a de homes apenas supera os 100 (104 exactamente)

Atendendo á distribución por sexo, este é un territorio que en datos globais conta cun 51% de mulleres, e 49% de homes. Non obstante, estas porcentaxes varían ostensiblemente segundo os grupos de idade. Dos 0 aos 9 anos; 15 a 19; 25 a 29, e; 45 a 54 a porcentaxe de mulleres-homes é en xeral dun 46-54. Sin embargo, os tramos: 10 a 14 anos e 75 en adiante a porcentaxe é de 61-39. É especialmente salientable observar como a poboación de 80 a 84 anos é nun 63,1% de mulleres e a maior de 85 anos o é nun 68,3%.

A nivel xeral, é coñecido que nacen máis homes que mulleres (105 homes por 100 mulleres) e que as mulleres teñen maior esperanza de vida que os homes, o que fai que as bases das pirámides de poboación sexan máis grosas para o grupo de homes, equilibren nos anos centrais e que a cúspide sexa máis ancha para o grupo de mulleres. Non obstante, no caso de Vilaboa chama a atención como no tramo de 10 a 14 anos o número de mulleres é superior ao de homes mentres na franxa de idade anterior e posterior os homes superan ás mulleres, ao igual que nos tramos de idade 45-49 e 50-54, onde o número de mulleres é claramente inferior ao de homes.

Cómpre observar que só a partir dos 75 anos existe unha tendencia exponencial de incremento de mulleres sobre homes, e é esta a que fai que a porcentaxe global de mulleres-homes sexa 51-49, xa que se calculamos a relación mulleres-homes desde os 0 ata os 74 anos a relación é a inversa: 49-54.

Atendendo á distribución por idades, en termos xerais, observamos que o maior número de habitantes se atopa na poboación de 40 a 69 anos.

Outro dato de interese é analizar o perfil da pirámide en función dos anos<sup>4</sup>. Desta análise podemos inferir que:

- A maior porcentaxe de poboación concéntrase na nacida entre os anos **1952-1981** (40 a 69 anos).
- Desde o **2011** (10-14 anos ) o número de nacidos e nacidas decrece paulatinamente.
- O número de mulleres nacidas antes do **1937** multiplica por dous o de homes (85 e máis)

Para finalizar destacar que a pirámide da poboación de Vilaboa para o 2021 é unha pirámide regresiva, xa que existe menos poboación na base que nos tramos intermedios e no cumio. Non obstante, a lectura do cumio da pirámide defire se observamos a ilustración de barras correspondentes á poboación de mulleres ou de homes. Atendendo á primeira o número de mulleres maiores de 85 anos supera a suma da franxa de idade de nenas entre os 0 a 4 anos e 5 a 9. No caso da poboación de homes o número de maiores de 85 é o mesmo que o de nenos de 0 a 4 anos.

En termos xerais, esta é unha pirámide propia de territorios desenvolvidos, nos que a natalidade descende, mentres as taxas de mortalidade levan tempo controladas o que se asocia a unha maior esperanza de vida, sobre todo para as mulleres. Estes feitos marcan unha tendencia de envellecemento

4 Os anos que corresponden a cada tramo de idade da pirámide son (dende a base á cúspide): 2021-2017; 2016-2012; 2011-2007; 2006-2002; 2001-1997; 1996-1992; 1991-1987; 1986-1982; 1981-1977; 1976-1972; 1971-1967; 1966-1962; 1961-1957; 1956-1952; 1951-1947; 1946-1942; 1941-1937; persoas nacidas antes do 1937.



da poboación, fundamentalmente do grupo de mulleres, que cuestiona a posibilidade de relevo xeracional.

Unha vez achegada a panorámica xeral da poboación de Vilaboa a través da súa pirámide da poboación, cómpre coñecer os datos que nos permitirán afondar na súa mellor comprensión, polo que a continuación aproximamos datos relativos á: distribución da poboación por parroquias, densidade, datos xerais da poboación, poboación de orixe estranxeira, poboación por grandes grupos de idade, idade media da poboación, taxa bruta de natalidade, idade media de maternidade, número medio de fillas e fillos, idade da nai ao nacemento da súa primeira filla ou fillo, taxa bruta de mortalidade, índice de masculinidade, índice de envellecemento e sobreenvellecemento, índice de recambio da poboación en idade activa, saldo vexetativo e saldo migratorio.

### 3.2.2 Cifras

A superficie de Vilaboa conta con 36,9 Km2 distribuídos en 5 parroquias (entidades colectivas) e 64 lugares (entidades singulares) . As **parroquias** son: *Bértola, Figueirido, Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres.*

Táboa-1 - Poboación segundo sexo das parroquias. Vilaboa/2020

Parroquias	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Bértola	459	55%	380	45%	839
Figueirido	407	52%	369	48%	776
Vilaboa	818	51%	794	49%	1.612
Santa Cristina de Cobres	636	50%	632	50%	1.268
San Adrián de Cobres	707	50%	717	50%	1.424
<b>TOTAL</b>	<b>3.027</b>	<b>51%</b>	<b>2.892</b>	<b>49%</b>	<b>5.919</b>

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Nomenclátor (INE)

Unha lectura da táboa anterior, relativa á distribución global da poboación das parroquias de Vilaboa, amosa que *Vilaboa-centro* é a entidade colectiva con maior poboación, concentrando o 27% da total do municipio. No outro extremo atópase *Figueirido*, cun 13% das persoas que habitan neste municipio.

Non obstante, obsérvase que a maior parte da poboación sitúase na zona de Cobres e Vilaboa-centro, a tal modo que as parroquias de Santa Cristina e San Adrián de Cobres acumulan o 46% da poboación do municipio, e xunto con Vilaboa-centro chegan ao 73%.


Esta distribución sinala unha liña de concentración de poboación cara ao concello de Moaña.

Outro dato de interese que achega información sobre a concentración da poboación é a **densidade**. O seguinte gráfico describe unha baixada semiconstante durante os últimos dez anos, atopando os niveis máis altos de densidade nos anos 2011 e 2015 con 163 habitantes por quilómetro cadrado, e o máis baixo no ano 2019 con 159. No último ano analizado, o 2020, o número de habitantes por quilómetro cadrado increméntase respecto do ano anterior presentando un dato de 161.



Cómpre sinalar que a densidade do último ano (161) é a mesma que a de hai 10 anos.

Gráfico-2- Evolución da densidade de poboación. Vilaboa 2010/2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Facendo unha comparación cos territorios de referencia o Concello de Vilaboa ten menor densidade de poboación que a provincia de Pontevedra e maior que o total de Galicia, o que sinala un territorio rural dende parámetros provinciais, máis que autonómicos.

Táboa-2- Comparativa densidade poboación. Vilaboa/Prov. Pontevedra/Galicia. 2010-2020

	Ano 2010	Ano 2020
<b>Vilaboa</b>	161	161
Provincia PO	210	210
Galicia	92	91

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A continuación examinaremos os datos de **poboación** total desagregados por sexo en diferentes anos.

Táboa-3- Poboación segundo sexo. Vilaboa 2010-2020


	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Ano 2010	3.101	52%	2.890	48%	5.991
Ano 2020	3.027	51%	2.892	49%	5.919

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O territorio de Vilaboa ten unha perda de poboación nos últimos anos, de apenas un 1% (72 habitantes). Non obstante, esta poboación é enteiramente de mulleres, xa que nesta última década a poboación diminúe en 74 mulleres e aumenta en 2 homes, feito congruente cos datos porcentuais de mulleres e homes do territorio.



Gráfico-3- Evolución da poboación segundo sexo. Vilaboa 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

En termos xerais a evolución da poboación oscila entre o número máximo de 6.059 no 2015 e o menor de 5.848 habitantes existentes no 2013, o que representa unha oscilación máxima dun 3,5% (211 habitantes).

Observando os datos de forma desagregada, no caso das mulleres o ano con maior número de habitantes é o 2015 con 3.125 e o de menor número o 2019 con 3.015, o que sinala unha oscilación dun 3,5% (110 mulleres). Estes mesmos datos para o caso dos homes é de 2.943 no ano 2016 e 2.813 para o ano 2013, cunha oscilación dun 4,5% (130 homes).

No último ano, 2020, incrementábase a poboación en 45 persoas.

Un elemento interesante do estudo da **poboación** é coñecer canta desta é de **orixe estranxeira**.

Táboa-4- Poboación estranxeira segundo sexo. Vilaboa 2010-2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Ano 2010	90	43%	121	57%	211
Ano 2020	68	59%	47	41%	115

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Do ano 2010 ao 2020 Vilaboa pasa de ter 211 persoas estranxeiras empadroadas a 115, o que significa unha perda dun 45% de poboación estranxeira. Non obstante este é un dato global e, ao igual que referíamos no parágrafo anterior, a análise desta información desagregada por sexo indica que nesta última década a poboación de mulleres estranxeiras diminúe nun 24%, mentres que a dos homes o fai nun 61%.

Por outra banda, e a nivel xeral, a poboación estranxeira do territorio no 2020 representou un 2% da poboación total. Este mesmo dato é menor que o dato global a nivel galego (4,2%) e o provincial (4%).



Analizando o **lugar de procedencia da poboación estranxeira** do Concello de Vilaboa, no ano 2010 das 211 persoas estranxeiras 151 (72%) procedían de Marrocos, sendo este o principal país de procedencia tanto para as mulleres como para os homes.

Este panorama modifícase de forma substancial no 2020, xa que aínda cando Marrocos segue sendo o país que achega o maior número de persoas estranxeiras, o é en menor número (36) representando o 43% da poboación doutras nacionalidades, fronte o 72% do ano 2010.

Nestes anos increméntase notoriamente o número de persoas procedentes de América do sur (35), chegando a números parellos aos da poboación marroquí. A diferenza fundamental entre estes fluxos de poboación é que mentres o da poboación de Marrocos atopábase relativamente masculinizada, o fluxo de poboación de América do sur existente no 2020 está absolutamente feminizada, xa que das 35 persoas totais, 29 son mulleres e 6 homes. Os lugares de procedencia son fundamentalmente: Cuba, Venezuela, Brasil e Colombia.

A continuación, achegamos información sobre a **poboación segundo sexo e grandes grupos de idade**,

Táboa-5- Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade. Vilaboa 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
- 16 anos	378	50%	377	50%	755
16-64 anos	1.765	49%	1.846	51%	3.611
+ 64 anos	884	57%	669	43%	1.553
TOTAL	3.027	51%	2.892	49%	5.919

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Da lectura da anterior táboa, observamos que nas idades inferiores aos 64 anos a relación mulleres-homes é proporcional, non obstante ao chegar ás persoas maiores desta idade de cada 100, 57 son mulleres e 43 homes. Este dato permítenos deducir que o proceso de envellecemento da poboación de Vilaboa é un proceso eminentemente feminino, tal como apuntabamos na descrición da pirámide.

Outro dato que nos achega o estudo dos grandes grupos de idade dunha poboación é coñecer a estrutura da súa poboación, polo que amosamos estes datos para Vilaboa e territorios de referencia para o ano 2020.

Táboa-6- Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade.  
Vilaboa/Prov. Pontevedra/Galicia. 2020

	Vilaboa		Pontevedra		Galicia	
	% M	% H	% M	% H	% M	% H
- 16 anos	13%	14%	13%	14%	12%	13%
16-64 anos	58%	65%	64%	66%	60%	64%
+ 64 anos	29%	21%	23%	20%	28%	23%
TOTAL	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Comparativamente, a franxa de menores de 16 anos apenas reflicte diferenzas cos datos achegados a nivel provincial e autonómico. Ao igual que o dos homes entre 16 a 64 anos e os maiores de 64 anos.

Non obstante, ao observar a poboación de vilaboesas entre os 16 a 64 anos, apreciamos un menor peso deste segmento comparativamente co territorio provincial (6 puntos porcentuais) e galego (2 puntos porcentuais). Este mesmo feito á inversa, ocorre co grupo de mulleres maiores de 64 anos, atopamos un peso porcentual 6 puntos maior que nas mulleres da provincia de Pontevedra e de 1 punto en comparación co total da poboación de mulleres galegas.


Estes datos significan un menor peso das mulleres na idade produtiva e un maior peso na idade de dependencia.

Gráfico-4- Porcentaxe poboación mulleres por grandes grupos de idade. Vilaboa 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-5- Porcentaxe poboación homes por grandes grupos de idade. Vilaboa 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Nestas gráficas, apréciase de forma visual o maior peso da poboación maior de 65 anos na poboación de mulleres que na de homes e o menor na franxa dos 16 aos 64 anos.





### 3.2.3 Indicadores

A continuación amosamos a **idade media da poboación**.

Táboa-7- Idade media da poboación Vilaboa/Prov. Pontevedra/Galicia. 2010-2020

	Ano 2010			Ano 2020		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
<b>Vilaboa</b>	46,9	42,5	44,8	51,2	46,4	48,9
Prov. Pontevedra	46,3	43,0	44,6	47,5	44,2	45,9
Galicia	48,1	44,8	46,5	49,0	45,8	47,5

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A idade media da poboación, de tódolos territorios, vaise incrementando no último decenio. No caso de Vilaboa, no 2010 esta era similar á provincial e inferior á galega (-1,7). No ano 2020 a idade media da poboación de Vilaboa supera á media provincial en 3 anos e á galega en 1,4.

Desagregando por sexo os datos do 2020, a idade media dos homes e mulleres de Vilaboa é a máis elevada de todos os territorios. No caso das mulleres 3,7 anos máis que os datos provinciais e 2,2 que a idade do global das galegas, e no caso dos homes 2,2 e 0,6 respectivamente.

Outro dato de especial relevancia é a diferenza entre a idade media de mulleres e homes dun territorio. No 2020 en Vilaboa a diferenza entre a idade media de mulleres e homes foi de 4,8 a favor das mulleres, mentres que a nivel provincial a diferenza foi de 3,3 e no global de Galicia de 3,2.

Este panorama remarca un paulatino proceso de envellecemento da poboación de Vilaboa maior que o da media da poboación da provincia de Pontevedra e da galega, e este proceso recae, fundamentalmente, na poboación de mulleres.

O número de nacementos por cada mil habitantes é a taxa bruta de natalidade, e a súa evolución nos últimos catro anos, achéganos datos sobre a situación demográfico do territorio.

Táboa-8- Taxa bruta de natalidade.  
Vilaboa/Comarca Pontevedra/Provincia Pontevedra/Galicia 2010-2019

	Ano 2010	Ano 2019
<b>Vilaboa</b>	6,86	7,95
Comarca de Pontevedra	9,60	6,08
Prov. Pontevedra	7,43	6,29
Galicia	7,12	5,82


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos revelan un incremento da natalidade en Vilaboa contraria á tendencia dos territorios analizados. Mentres que os datos comarcais diminúen en 3,52 os da provincia en 1,14 e os galegos en 1,30 en Vilaboa incrementáanse en 1,09.

Non obstante, debemos observar estes datos na evolución dos últimos anos.



Gráfico-6- Evolución taxa bruta de natalidade. Vilaboa 201-2019



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A gráfica anterior debuxa un perfil en folia de serra, cos anos 2014, 2016 e 2019 nos picos máis elevados e os anos 2015 e 2018 nos baixos. Este panorama enmarca subidas e baixadas fluctuantes, polo que poderíase prever que nos vindeiros anos comportaríase de forma similar cunha baixada para 2020.

**A idade media de maternidade** é outro dos indicadores a explotar.

Táboa-9- Idade media á maternidade.  
Vilaboa/Comarca de Pontevedra/Provincia Pontevedra/Galicia 2010-2019

	Ano 2010	Ano 2019
<b>Vilaboa</b>	31,51	31,90
Comarca de Pontevedra	31,79	32,81
Prov. Pontevedra	31,65	32,85
Galicia	31,77	32,81

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A idade media de maternidade para o 2019 reflicte, en termos xerais, como as mulleres van atrasando a decisión de ser nais. Do 2010 ao 2019 no concello de Vilaboa aumenta en 0,39; na comarca en 1,02; na provincia en 1,2; e no global de Galicia en 1,04.

Estes datos revelan que as mulleres de Vilaboa son nais con menor idade que as dos territorios de referencia, aínda cando, nestes últimos anos incrementaron levemente a idade á hora de ter descendencia.

Respecto do **número medio de fillas e fillos**, Vilaboa é o territorio que presenta unha evolución máis positiva en relación á descendencia por muller.



Táboa-10- Número medio de fillas/fillos por muller.  
Vilaboa/Comarca de Pontevedra/Provincia Pontevedra/Galicia 2010-2019

	Ano 2010	Ano 2019
<b>Vilaboa</b>	1,03	1,66
Comarca de Pontevedra	1,26	1,02
Prov. Pontevedra	1,16	1,06
Galicia	1,10	1,02

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Na anterior táboa observamos o cambio de tendencia nos últimos anos, mentres que no 2010 Vilaboa era o territorio con menor número medio de fillas e/ou fillos por muller comparativamente, no 2019 é a de maior número, de forma que mentres que nestes últimos 9 anos todos os territorios descenden neste indicador, Vilaboa ascende considerablemente (0,63)

Observando as táboas anteriores relativas á natalidade e maternidade, extraemos que Vilaboa, comparativamente: conta con unha maior taxa de natalidade, menor idade media das mulleres á hora de ser nais e, maior número medio de fillas e/ou fillos por muller.

A continuación debuxamos o panorama respecto da mortalidade.

**A taxa bruta de mortalidade** é unha variable que nos ofrece información sobre o número de defuncións por cada mil habitantes nun período determinado.

Táboa-11- Taxa bruta de mortalidade.  
Vilaboa/Comarca de Pontevedra/Provincia Pontevedra/Galicia 2010-2019.

	Ano 2010			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
<b>Vilaboa</b>	15,4	8,1	11,9	13,8	13,6	13,7
Comarca de Pontevedra	8,2	8,4	8,3	9,7	10,1	9,9
Prov. Pontevedra	8,8	9,4	9,1	9,7	10,2	9,9
Galicia	10,3	11,2	10,7	11,2	12,0	11,6

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O territorio de Vilaboa marca a maior taxa total de mortalidade comparativamente coa poboación de referencia e en relación aos nove últimos anos.

Un dato a sinalar é como no 2019 o territorio de Vilaboa amosa un comportamento similar ao dos territorios de referencia, en relación á semellanza entre os datos de mulleres e homes na taxa bruta de mortalidade, cuestión que non ocorría no 2010.

Outro dato de interese é observar como no caso de Vilaboa o incremento da taxa de mortalidade xeral do ano 2019 débese ao incremento da mesma na poboación de homes. Pola contra nos territorios de referencia o incremento desta taxa prodúcese tanto na poboación de mulleres como de homes.



En relación ao **índice de masculinidade** -número de homes por cada 100 mulleres-, no 2016 este era de 91 representando o menos elevado comparativamente á provincia de Pontevedra (94) e ao galego (93).

Cinco anos despois diminúe levemente (90) e coa mesma proporción en relación aos datos provincias (94) e galegos (93), o que confirma unha menor masculinización da poboación de Vilaboa.

O **índice de envellecemento e sobreenvellecemento** coloca o foco na poboación maior. O primeiro refírese á o cociente das persoas de 65 anos ou máis por cada 100 persoas menores de 20 anos.

Táboa-12- Índice de envellecemento por sexo.  
Vilaboa/Comarca Pontevedra/Prov. Pontevedra/Galicia. 2010-2020

	Ano 2010			Ano 2020		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
<b>Vilaboa</b>	166,1	99,2	132,2	193,8	128,8	160,6
Comarca Pontev.	123,4	76,8	99,6	150,7	101,6	125,2
Prov. Pontevedra	129,5	83,4	105,6	159,1	108,4	132,7
Galicia	167,5	112,9	139,4	189,7	133,1	160,4

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa anterior revela un progresivo incremento do índice de envellecemento da poboación de todos os territorios, tanto en termos xerais como nos desagregados por sexo.

En termos xerais, Vilaboa sitúase con datos similares -e ás veces superiores- aos globais de Galicia, por riba dos comarcais e dos provinciais.

Un dato a observar é como o índice de envellecemento das mulleres Vilaboesas é o maior de todos os territorios analizados para o 2020, superando en 22 puntos o mesmo dato das mulleres da comarca, en 18 o das mulleres da provincia e en 2 á media total das galegas.

No caso dos homes o panorama é similar, coa excepción do dato correspondente ao total de Galicia, así supera en 21 puntos aos datos comarcais, en 16 puntos os provinciais e solo é superado en 3 pola media total dos homes galegos.

En definitiva, o envellecemento da poboación de Vilaboa corre parella á galega, superándoa levemente nos datos correspondentes ás mulleres.

Analizando polo miúdo, o dato que achega información máis concreta do perfil do envellecemento da poboación é o índice de sobreenvellecemento:

Táboa-13- Índice de sobreenvellecemento por sexo.  
Vilaboa/Comarca Pontevedra/Prov. Pontevedra/Galicia. 2020

	Ano 2020		
	Mulleres	Homes	Total
<b>Vilaboa</b>	35,18	20,59	29,21
Comarca de Pontv.	21,41	13,86	18,23
Prov. Pontevedra	20,59	13,29	17,49
Galicia	22,23	15,05	19,15

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



O **índice de sobreenvellecemento** (persoas de 85 anos ou máis por cada 100 de 65 ou mais anos) é o mais elevado de todos os territorios analizados tanto como valor total, superando en 10 puntos calquera dos territorios de referencia.

Non obstante, no caso das mulleres este dato chega ata os 15 puntos, mentres que para os homes é de 5.

Relacionado coa poboación maior e menor existe outro indicador que achega información sobre a capacidade de substitución da poboación en idade de xubilación, en forma de relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a de entre 15 e 19, o **índice de recambio da poboación en idade activa**. O achegamento ao valor 100 marca o obxectivo de sustentabilidade.

No caso de Vilaboa, os datos do 2020 sinalan un índice de recambio da poboación en idade activa global de 144,2 dato maior que o comarcal en 5,6 puntos porcentuais (138,6) e en 1,1 puntos do provincial (143,1) pero menor que o galego en 20,5 (164,7). Esta análise reflicte que todos os territorios afástanse da sustentabilidade, pero que no caso de Vilaboa o fai de forma semellante aos territorios comarcais e provinciais e cunha ampla distancia dos datos globais galegos.


A información sobre nacementos, defuncións, estrutura da poboación, etc., cobran maior relevancia ao observar o **saldo vexetativo**, entendido como a diferenza existente entre nacementos e defuncións.

No caso de Vilaboa este saldo é de -42 persoas para o ano 2020, o que significa que morreron 42 persoas máis das que naceron. En todos os territorios de referencia o saldo vexetativo é negativo (-517 na comarca; -4.120 na provincia de Pontevedra, e; -17.559 en Galicia).

Coñecemos que dende hai anos, en xeral e en todo o territorio galego, o saldo vexetativo é negativo. Comparativamente no último ano o saldo vexetativo de Galicia incrementou en negativo nun 11%, a provincia de Pontevedra nun 17% e Vilaboa nun 19%

A continuación amosamos a evolución do saldo vexetativo da última década.

Gráfico-7- Evolución do saldo vexetativo. Vilaboa 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Dende o ano 2010 o número de defuncións supera os nacementos. A media do saldo vexetativo nestes últimos 11 anos é de -34 persoas e a mediana<sup>5</sup> acada un valor similar, -35.

5 Valor estatístico de tendencia central que deixa tras de si a metade dun conxunto de datos.




Non obstante, a dispersión dos datos achegados na gráfica anterior, é relativamente elevada (desviación típica<sup>6</sup> de 9,3) o que amosa a variabilidade dos datos.

Observando o rango de datos, os anos 2017, 2018 e 2020 son nos que hai un maior saldo vexetativo negativo (-47, -43 e 42 respectivamente), mentres que o 2016, 2011 e 2012 son os que amosan un número menos elevado (-19, -20 e -22).

Agora cómpre amosar este mesmo indicador desagregado por sexo:

Gráfico-8- Evolución do saldo vexetativo segundo sexo. Vilaboa 2010-2020




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A través desta gráfica observamos como o grande peso do saldo vexetativo negativo recae sobre a poboación de mulleres. En termos xerais nace un menor número de mulleres que de homes, nunha media de 6,2 (exceptuando o ano 2014 e 2018). Por outra banda morren máis mulleres que homes, cunha media de 13,5 (a excepción do ano 2015, 2016 e 2020).

Os datos específicos deste último ano (2020) amosan como naceron 13 mulleres e faleceron 37; e naceron 22 homes e faleceron 40.

Non obstante, para coñecer se un territorio gaña ou perde poboación tamén debemos coñecer o **saldo migratorio**, o que significa que as e os habitantes dun territorio incrementan ou decrecen en función dos nacementos e defuncións, pero tamén das persoas que emigran e/ou inmigran.

Gráfico-9- Evolución do saldo migratorio. Vilaboa 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

6 Valor estatístico que achega información sobre a dispersión ou variación dun conxunto de datos



Mentres que o saldo vexetativo evoluciona de forma invariable en termos negativos, superando os falecementos aos nacementos, o saldo migratorio total, é positivo coa excepción do ano 2012 (-22) e 2018 (-8). Para poder analizar o saldo migratorio total de forma eficaz, cómpre diferenciar os dous conceptos dos que se compón: saldo interno e saldo externo.

Tanto un como outro fan referencia á diferenza entre a inmigración e emigración, o interno computa este dato no territorio interprovincial e o resto de Galicia, mentres que o externo o fai co resto de España e o estranxeiro.

Tendo en conta a variabilidade do saldo migratorio total na última década, imos analizar este intervalo temporal en dous tramos: do 2010 ao 2015 e do 2016 ao 2020.

- 2010/2015:
  - Media saldo migratorio total: 29,3
  - Media saldo migratorio interno: 34,8
  - Media saldo migratorio externo: -5,5
- 2016/2020:
  - Media saldo migratorio total: 55,8
  - Media saldo migratorio interno: 50,6
  - Media saldo migratorio externo: 5,2

Á luz destes datos, observamos que os valores dos últimos cinco anos son máis positivos que os do intervalo 2010/2016, chegando case a multiplicar os primeiros o saldo migratorio dos seis anos anteriores.

O saldo migratorio interno, as emigracións e inmigracións de dentro da provincia e de Galicia, é a tipoloxía de migración que fai que Vilaboa teña datos positivos.

Non obstante, os datos dos territorios de referencia non amosan a mesma realidade.

Táboa-14- Saldo Migratorio 2020  
Vilaboa/Comarca de Pontevedra/Provincia Pontevedra/Galicia

	SALDO MIGRATORIO		
	Interno	Externo	Total
<b>Vilaboa</b>	+113	+28	+141
Comarca de Pontevedra	+29	+752	+781
Prov. Pontevedra	-141	+4.637	+4496
Galicia	--	+14.616	+14.616


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Se ben é certo que no ano 2020 o saldo migratorio total de todos os territorios é positivo, só no caso de Vilaboa o é como consecuencia dun saldo migratorio interno con elevado peso: o 80% do saldo migratorio total débese ao saldo migratorio interno. Outro dato de interese é que en todos os movementos migratorios a relación mulleres-homes é paritaria (aprox. 50%).



Afondando nesta realidade específica de Vilaboa, descubrimos que na serie 2011-2020 o peso do saldo migratorio interno sempre é maior que o exterior e o responsable dos datos positivos en relación ao saldo migratorio total.

Gráfico-10- Evolución do saldo migratorio INTERNO-EXTERNO. Vilaboa 2011-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

### 3.2.4 A modo de Resumo

Para finalizar esta descrición demográfica da poboación de Vilaboa, sinalar a modo de **RESUMO**:

- A **pirámide** da poboación de Vilaboa é a propia dun territorio desenvolvido, de **tipo regresivo**, cun cumio -fundamentalmente composto por mulleres- máis ancho que a base e co maior ancheamento nas idades entre 40 a 64 anos, o que cuestiona a posibilidade de relevo xeracional.
- Na **última década pérdese un 1% de poboación** (72 habitantes), **todas mulleres**. Non obstante no **último ano** (2020) **incrementábase a poboación** en 45 habitantes.
- Nos **últimos dez anos pérdese o 45% da poboación estranxeira**, pasando de 211 persoas a 115. Esta diminución o é fundamentalmente de homes (61%). No 2010 esta poboación era, fundamentalmente, de procedencia Marroquí (72%). Na actualidade, aínda cando o lugar de **procedencia maioritario** da poboación estranxeira segue a ser **Marrocos** (43%), **crece** exponencialmente o número de persoas procedentes de **América do Sur**, maioritariamente **mulleres** (83%).
- Un dos datos que sinalan o envellecemento da poboación de Vilaboa, é a **media de idade da súa poboación** (48,9) **maior que a media provincial e galega**. Cómpre indicar que esta media elevada descansa na poboación de **mulleres** (52,1) comparativamente coa de homes (46,4).





- Non obstante o **número medio de fillas e/ou fillos** por muller ten unha evolución **positiva** na última década (pasando de 1,02 a 1,66) contrariamente á tendencia comarcal, provincial e galega.
- A **taxa bruta de mortalidade** de Vilaboa é **máis elevada** que o dato comarcal, provincial e galego, tanto no 2020 como en dez anos anteriores.
- Na última década **incrementábase o índice de envellecemento** da poboación de Vilaboa, ao igual que á de todos os territorios de referencia, amosando datos similares aos da media galega. Afondando neste indicador, o **índice de sobreenvellecemento** da poboación de Vilaboa é **o máis elevado de todos os territorios de referencia**, superando en 10 puntos calquera destes territorios. Non obstante, no caso das mulleres este dato chega ata os 15 puntos, mentres que para os homes é de 5.
- A diferenza entre nacementos e defuncións, **saldo vexetativo**, é negativo (-42) ao igual que en todos os territorios de referencia, pero en Vilaboa amosa un maior incremento. Contemplando a variable sexo, o grande peso do saldo vexetativo negativo recae sobre a poboación de mulleres, a tal forma que para o ano 2020 o **saldo vexetativo de mulleres é de -24 e o de homes -18**.
- Mentres que na última década, o saldo vexetativo evoluciona de forma invariable en termos negativos, **o saldo migratorio é, en xeral, positivo** o que mitiga a perda de poboación ocasionada polo saldo vexetativo. Nos últimos 5 anos o saldo migratorio evoluciona favorablemente, cunha media de +56.
- Unha característica específica de Vilaboa é que **o seu saldo migratorio descansa no saldo interno**, ao contrario que no territorio comarcal, provincial e galego.



### 3.3. EDUCACIÓN

Os datos enrocados neste apartado corresponden ao ámbito do ensino non universitario do territorio de Vilaboa, proceden do Instituto Galego de Estatística e recollen información do 2021 e 2013 sobre os Centros e Unidades segundo ensinanzas, alumnado e profesorado.

Cómpre sinalar a escaseza de datos educativos, no portal do IGE, unha vez desagregados por municipios e por sexo, o que nos impide describir un panorama máis pormenorizado. Existe a posibilidade de indagar na recollida de datos doutras fontes, non obstante, non poderíamos asegurar a validez metodolóxica das análises establecidas, xa que observamos o principio de non establecer relación estatística entre datos de distintas fontes.

Táboa-15- Centros de réxime xeral en funcionamento segundo ensinanzas que imparten. Vilaboa 2021.

	Nº Centros
Educación Infantil	1
Educación Infantil e Primaria	1
Educación Primaria e ESO	1
ESO e/ou postobrigatorias	0
Educ. Primaria, ESO e/ou postobrigatorias	0
Persoas Adultas	0
Educación Especial	0
TOTAL	3

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Dende o ano 2005, primeiro ano no que o IGE nos ofrece datos, non hai variación no número e tipo de Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas a impartir.

O territorio non conta con centro de Educación postobrigatoria, nin de Persoas Adultas e non existe ningún Centro de Educación Especial, o que restrinxen as posibilidades de acceso á educación da poboación de Vilaboa, tal como se sinala na información cualitativa recollida nesta indagación.

Os Centros de Ensino cos que conta Vilaboa son:

- CRA Plurilingüe “Consuelo González Martínez” con escolas en: Figueirido, Bertola, Pousada, Barciela e Paredes.
- CEP Plurilingüe de Riomaor situado en Cobres.
- CPI do Toural en San Martiño.

Outro elemento de interese é coñecer os datos do alumnado matriculado en Centros sostidos con fondos públicos no 2013 e 2021.



Táboa-16- Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos segundo sexo. Vilaboa 2013-2021.

	Ano 2013			Ano 2021		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
Educación Infantil	79	63	142	44	69	113
Educación Primaria	125	143	268	127	122	249
ESO	70	77	147	81	88	169

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.


Das táboas anteriores observamos unha diminución global no número de alumnos e alumnas matriculadas en centros sostidos con fondos públicos. A comparativa entre a suma de todo o alumnado matriculado no 2013 e 2021 reflicte unha **diminución** dun 10% neste intervalo temporal, pasando de 557 alumnas e alumnos a 531.

Non obstante, esta perda atópase fundamentalmente na etapa de Educación Infantil (-20%) e en menor medida en Primaria (-7%), xa que a Educación Secundaria Obrigatoria incrementa o seu número de alumnado nun 13%.

Un dato de interese é observar como a relación alumnas-alumnos en Educación Infantil no 2013 foi de 56-49 e no ano 2021 dun 39-61.

O último dato que reporta o IGE e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, trata sobre o profesorado.

Gráfica-11- Profesorado en centros de titularidade pública. Vilaboa 2021.



Fonte: elaboración propia a través de datos do IGE

A anterior gráfica achéganos os datos do profesorado (69 profesoras e profesores), no que as profesoras representan un 84%.



Dende o 2013 ao 2021 redúcese nun 4% o profesorado dos centros de titularidade pública de Vilaboa. No entanto, increméntanse o número de profesoras, pasando de 57 a 58. No caso dos profesores ocorre á inversa perdendo 4 nestes últimos 8 anos.

### 3.3.1 A modo de Resumo

Para finalizar, sinalar como nos últimos oito anos:

- Non existe variación no número e tipo de Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas a impartir.
- En termos globais pérdese un 10% de alumnado, fundamentalmente de estudantado de Infantil e en menor medida Primaria. De forma inversa alumnos e alumnas da ESO increméntanse nun 13%
- A relación alumnas-alumnos en Educación Infantil pasa dun 56-49 no 2013 a un 39-61 no ano 2021.
- Nestes últimos anos o profesorado redúcese nun 4% nos centros de titularidade pública. Dos 69 profesores e profesoras contabilizados no 2021, as segundas representaron un 84%.



### 3.4. MERCADO LABORAL

Partindo da información contida no Banco de Datos Municipal do Instituto Galego de Estatística, neste apartado analizaremos:

- 3.4.1 Contratos Iniciais
- 3.4.2 Desemprego
- 3.4.3 Afiliacións á Seguridade Social
- 3.4.4 A modo de Resumo

Os datos extraídos corresponden ao ano 2021 e o marco referencial é o temporal relativo ao 2013, sendo este o máis anterior dos que o IGE nos achega datos de forma conxunta. Deste modo débúxase unha liña de evolución durante os últimos oito anos en relación á contratación e o desemprego en función de diferentes variables (idade, formación, sector de actividade, etc.).

Paralelamente achegamos datos dos territorios marco de referencia: galegos, provinciais e comarcais.

#### 3.4.1 Contratos

Comezamos coa análise da contratación.

Táboa-17- Contratos iniciais segundo sexo e grupos de idade. Vilaboa 2021

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
16 a 34 anos	251	39%	396	61%	647
35-54 anos	276	40%	406	60%	682
55 ou máis anos	43	24%	136	76%	197
TOTAL	570	38%	938	62%	1508

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.


A análise dos **contratos iniciais segundo sexo e grupo de idade** para o ano 2021 amosa unha distribución por idades, a nivel global, na que as persoas de 16 a 54 concentran a contratación nun 88%. En todas as idades as mulleres teñen menor porcentaxe de contratación inicial que os homes cunha relación media de 38-62. Non obstante, para as maiores de 55 anos esa distribución é de 24-76.

Estes mesmos datos oito anos antes (2013) amosaban un cómputo total de 1.540 contratos, o que significa un descenso dun 2% neste marco temporal para o territorio de Vilaboa. Pola contra os datos para Galicia sinalan 647.060 contratos no ano 2013 e 886.709 para o 2021, o que representa un incremento dun 27%, ao igual que os valores provinciais que pasan dos 267.446 celebrados no 2013 aos 378.550 do ano 2021 (+29%).

Ao marxe desta perda de contratos iniciais, a estrutura dos contratos iniciais por idades difire de forma patente.



Gráfica-12- Porcentaxe de contratos iniciais segundo grupos de idade. Vilaboa 2013-2021




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A gráfica anterior visualiza como no 2013 as persoas de entre 16 a 34 anos centraban máis da metade dos contratos iniciais, e como no 2021 esa franxa de idade perde forza a favor dos e das traballadoras de 35 a 54 anos.


Observando estes datos desagregados por sexo o panorama é o seguinte:

Gráfica-13- Porcentaxe de contratos iniciais segundo sexo e grupos de idade. Vilaboa 2013



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfica-14- Porcentaxe de contratos iniciais segundo sexo e grupos de idade. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Hai unha clara perda de contratos iniciais para a poboación de mulleres. No 2013 representaban o 50% desta contratación en termos xerais, no 2021 é un 38% o que representa unha diminución de 12 puntos porcentuais.

Nos territorios de referencia os datos do 2021 sinalan que a porcentaxe de contratos iniciais para o grupo de mulleres é dun 46% en datos comarcais; 45% para os datos provinciais, e; 48% nos datos de Galicia.

Por franxas de idade a maior perda de mulleres ocorre no colectivo de 55 anos e máis, na que no 2013 representaban un 56% e no 2021 un 24%, seguida da franxa de 16 a 34 anos na que se pasa dun 50% no ano 2013 a un 39% no 2021.

A realidade deste territorio é diferente á dos territorios de referencia, tal como amosamos a continuación:

Gráfico-15- Porcentaxe de contratos iniciais que corresponden a mulleres segundo grandes grupos de idade. Vilaboa/Galicia/Provincia de Pontevedra/Comarca de Pontevedra 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Observamos que a porcentaxe de mulleres é en todas as idades menor que nos territorios de referencia, sobor de todo, nas mulleres de 55 anos ou mais onde os datos para Vilaboa son dun 24% mentres que para Galicia o dato é 47%, provincia de Pontevedra 42% e comarca 43%.

Segundo a análise dos **contratos iniciais**, amosamos a súa relación co **nivel de formación**<sup>7</sup>

Táboa-18- Contratos iniciais segundo sexo e nivel de formación. Vilaboa 2013-2021

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Sen estudos	41	162	203	17	64	81
Estudos primarios	108	140	248	99	195	294
Estudos secundarios	529	454	983	402	591	993
Estudos superiores	85	19	104	52	88	140
TOTAL	763	775	1.538	570	938	1.508

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

7 Os datos totais deste apartado pode que non concorden cos datos totais de contratos iniciais, xa que desdeñamos os relativos a “formación sin clasificar” non supoñendo en ningún caso máis dun 1% dos datos totais.



A maior contratación inicial establécese tanto no ano 2013 como 2021 nas persoas con estudos secundarios, non obstante a relación mulleres-homes neste grupo formativo era no 2013 de 54-46 e na actualidade dun 40-60.


Paralelamente, observamos como nestes últimos 8 anos existe unha redución dun 40% nos contratos iniciais realizados a persoas sen estudos e un incremento dos de estudos superiores (26%).

Esta información desagregada por sexo indica que non hai variación na porcentaxe de mulleres homes en relación ao grupo de persoas sen estudos (20-80), pero si nos estudos superiores xa que mentres no 2013 as mulleres representaban o 83% deste grupo, para o 2021 só significan o 37%.

Ao observar as porcentaxes de mulleres e homes noutros grupos formativos (estudos primarios e secundarios), apreciamos do mesmo modo unha forte redución da poboación de mulleres dos datos do 2013 ao 2021: redúcese a súa presenza nun 10% no grupo de estudos primarios e nun 14% nos secundarios.


A continuación achegamos gráficas que de forma comparativa visualizan esta información.

Gráfica-16- Contratos iniciais segundo sexo e nivel de formación. Vilaboa 2013



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfica-17- Contratos iniciais segundo sexo e nivel de formación. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Nestes últimos oito anos as mulleres perden presenza na contratación inicial e pasan de ser a porcentaxe maior no grupo de estudos secundarios a ser a menor. Paralelamente é representativo o peso que ten, na actualidade, na poboación de homes o grupo de estudos superiores.





Os datos do 2021 do global do territorio galego sinalan que dos contratos iniciais que se realizan a persoas con estudos superiores o 54% son mulleres, este mesmo dato na provincia é dun 51%, mentres que en Vilaboa é dun 37%.

Outro dato de interese en relación aos **contratos iniciais** é coñecer a **duración dos mesmos**

Táboa-19- Contratos iniciais segundo sexo e duración do contrato. Vilaboa 1013- 2020

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Temporais / duración determinada	717	753	1.470	540	894	1434
De duración indefinida	48	22	70	30	44	74
TOTAL	765	775	1.540	570	938	1.508

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Tanto no 2013 como na actualidade o 95% dos contratos iniciais son de carácter temporal. A diferenza entre este marco temporal é que mentres no 2013 a relación mulleres-homes era de 49-51 no 2021 é de 37-63.

En relación ás **modalidades de contrato**, os datos para o 2013 e 2021 son os seguintes<sup>8</sup>:

Táboa-20- Contratos iniciais segundo sexo e modelo de contrato. Vilaboa 1013- 2020

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Indefinido ordinario / fomento do emprego	40	27	67	38	45	83
De obra ou servizo	276	445	721	151	424	575
Eventual por circunstancias produción	261	142	403	354	226	580
Interinidade	50	10	60	161	40	201
Conversión a indefinidos	25	38	63	73	55	128
TOTAL	652	662	1.314	777	790	1.567


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A nivel xeral, e segundo a tipoloxía de contratación, no 2013 **os contratos iniciais “de obra ou servizo”** representaron o 55% do global e os “eventuais por circunstancias da produción” o 31%. No 2021 o panorama é semellante, pero marca algunhas diferenzas: a primeira tipoloxía de contrato mencionada acapara o 37% ao igual que a segunda.

8 Nesta relación eliminamos os contratos correspondentes ás modalidades que representan menos de 1% no total de contratos iniciais rexistrados.




Gráfica-18- Porcentaxe Contratos iniciais rexistrados segundo sexo e modalidade de contrato. Vilaboa 2013



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfica-19- Porcentaxe Contratos iniciais rexistrados segundo sexo e modalidade de contrato. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A comparativa entre estas dúas imaxes amosa como as mulleres perden peso nos contratos iniciais “indefinidos e de fomento de emprego” (no 2013 correspóndelles un 60% e no 2021 un 46%) e nos de “obra ou servizo” (pasando dun 38% a un 26%).

Pola contra nos de “conversión a indefinido” incrementan a súa presenza transitando dun 40% a un 67%.

A continuación achegamos os datos relativos á **contratación inicial segundo sector de actividade**.

Táboa-21- Contratos iniciais segundo sector de actividade e sexo. Vilaboa 2013-2020.

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Agricultura/Pesca	21	58	79	26	62	88
Industria	68	175	243	107	180	287
Construción	3	132	135	6	134	140
Servizos	673	410	1.083	431	562	993
TOTAL	765	775	1.540	570	938	1.508

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




A nivel xeral, o sector que concentran a meirande parte da actividade de Vilaboa é servizos. No 2013 este concentrou o 70% dos contratos existentes no 2013, no 2021 esta porcentaxe foi do 66%. O sector industria é o segundo en importancia cun 16% para o 2013 e un 19% no 2021. A través destes datos comprobamos que “servizos” é o sector principal que move o mercado laboral de Vilaboa.

Analizando os datos desagregados por sexo, observamos que mentres no 2013 a porcentaxe de traballadoras con contrato neste sector era dun 62%, para o 2021 este dato se rebaixa ata o 43%, o que amosa un descenso de 19 puntos.


Atendendo de forma diferencial a mulleres e homes, observamos a súa estruturación segundo o sector de actividade na que son contratados e contratadas, tanto no 2013 como no 2021:

Gráfica-20- Mulleres/Homes segundo datos porcentuais do sector de actividade dos contratos iniciais. Vilaboa 2013



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfica-21- Mulleres/Homes segundo datos porcentuais do sector de actividade dos contratos iniciais. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.



As gráficas anteriores mostran “servizos” como principal sector de contratación para mulleres e homes de Vilaboa tanto no 2013 como na actualidade. Non obstante, no caso das traballadoras este sector diminúe levemente en favor de “industria”, de forma inversa ao ocorrido no caso do grupo de homes.

Respecto da relación dos **contratos rexistrados co tipo de xornada**, sinalar:

Táboa-22- Contratos rexistrados segundo sexo e tipo de xornada. Vilaboa 2013-2021

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Tempo completo	492	571	1.063	489	652	1.141
Tempo parcial	145	99	244	257	135	392
Fixo/a discontinuo/a	22	0	22	31	8	39
TOTAL	659	670	1.329	777	795	1.572

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

En termos xerais, e aínda cun descenso de 7 puntos porcentuais nos últimos 8 anos, o tipo de xornada maioritaria é “a tempo completo” (80% no 2013 e 73% no 2021).

Analizando os datos desagregados por sexo, a proporción de contratos rexistrados mulleres-homes “a tempo parcial” é de 59-41 (ano 2013) e 66-34 (ano 2021). No caso da contratación “a tempo completo” esta proporción é de 46-54 (2013) e 43-57 (2021).

Estes datos amosan un incremento na proporción de mulleres a “tempo parcial” e un leve descenso no caso de “tempo completo”.


Outra forma de analizar os datos é segundo a estrutura por sexo. Desde esta visión do total de mulleres contratadas no 2013 un 22% o eran a “tempo parcial” pasando no 2021 a constituír, este tipo de xornada, o 33% das contratacións de mulleres.

No caso dos traballadores estes mesmo datos son para o 2013 dun 15% e no 2021 dun 17%.

Estes datos manifestan o forte incremento da contratación a tempo parcial no caso das mulleres (+11 puntos porcentuais) comparativamente co grupo de homes (+2 puntos porcentuais). Non obstante, esta proporción dun 33% sinalada nos parágrafos anteriores, atópase lonxe dos datos de Galicia (46%) e da provincia de Pontevedra (42%)

Nas seguintes gráficas visualizamos, para o 2021, a información vertida nestes últimos parágrafos en referencia a Vilaboa:

Gráfica-22- Porcentaxe contratos segundo sexo e tipo de xornada. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.



Este incremento do traballo a tempo parcial por parte das mulleres ten unha significación específica na sociedade actual, agás dunha serie de repercusións que non debemos obviar.

Os roles e estereotipos de xénero que asignan ás mulleres un papel subsidiario na esfera produtiva e central na reprodutiva e nos coidados, condiciona o mercado laboral e o desenvolvemento profesional das mulleres. O traballo a tempo parcial, podería ser unha opción laboral, non obstante, cómpre ter en conta que esta xornada laboral leva aparellada unha redución de salario e un menor poder adquisitivo presente e futuro, ao que é preciso engadir a existencia dunha fenda salarial por razón de xénero. Todos estes factores afondan nunha realidade a curto, medio e longo prazo: a progresiva feminización da pobreza.

### 3.4.2 Desemprego

Para a análise do mercado laboral é imprescindible examinar o paro, polo que a continuación amosamos o **paro por grandes grupos de idade**.

Táboa-23- Paro segundo sexo e grandes grupos de idade. Vilaboa 2013-2021

	Ano 2013					Ano 2021				
	Mulleres		Homes		TOTAL	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs	%	Abs	%		Abs	%	Abs	%	
< 25 anos	30	43%	39	57%	69	5	56%	4	44%	9
25 e + anos	308	48%	329	52%	637	174	53%	156	47%	330
TOTAL	338	48%	368	52%	706	179	53%	160	47%	339

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A nivel xeral o paro reduciuse nestes últimos oito anos a máis da metade (52%), de acordo coa tendencia do global do territorio galego (41%) e provincial (42%).

Respecto do grande grupo de idade no que o paro ten maior incidencia, este segue a ser o de maiores de 25 anos, a tal efecto que no 2013 este grupo concentraba o 90% do desemprego dos e das traballadoras de Vilaboa e no 2021 sumaba a práctica totalidade (97%).

Un dato de interese nestes últimos anos é o incremento do paro entre o grupo de mulleres en todos os territorios de referencia. No 2013 en Vilaboa de cada 100 persoas paradas 48 eran mulleres, en Galicia 51 e na provincia 52. No 2021 estes datos son respectivamente; 53, 58 e 58

Respecto da **duración da situación de demanda de emprego** para o 2021, atopamos unha realidade compartida por homes e mulleres de Vilaboa: o perfil é home ou muller maior de 25 anos e con máis de 1 ano como demandante de emprego.

Mentres este perfil no 2021 recolle o 53% das mulleres demandantes de emprego e o 51% dos seus homólogos, no 2013 esta realidade afectaba ao 45% de mulleres en paro e o 46% de homes parados.




Táboa-24- Paro segundo duración da demanda. Vilaboa 2021

	MULLERES			HOMES		
	<25 anos	=>25 anos	TOTAL	<25 anos	=>25 anos	TOTAL
<=1mes	1	16	17	2	17	19
>1m <=6ms	2	40	42	2	39	41
>6m <=1a	1	23	24	0	17	17
>1ano	0	95	95	0	83	83
TOTAL	4	174	178	4	156	160

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-23- Porcentaxes de Paro segundo sexo e duración da demanda. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O nivel de estudos rematados da poboación demandante de emprego é outro datos de interese.

Táboa-25- Paro segundo sexo e nivel de estudos rematados. Vilaboa 2013-2021

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Sen estudos	5	7	12	2	0	2
Estudos primarios incompletos	23	27	50	9	14	23
Estudos primarios completos	40	58	98	34	32	66
Estudos secundarios	205	253	458	101	102	203
Estudos postsecundarios	65	23	88	33	12	45
TOTAL	338	368	706	179	160	339

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A nivel xeral, os estudos secundarios seguen a ser os que presentan maior número de persoas paradas (65% no ano 2013 e 60% no 2021). Neste último ano, tanto para o territorio galego como o provincial este dato é sensiblemente menor (55% e 60% respectivamente).



O segundo nivel de estudos con maior paro para o ano 2013 e 2021 foi o de estudos primarios incompletos, 14% e 19% respectivamente, seguido de preto polos estudos postsecundarios (12% para o ano 2013 e 13% no 2021)

Cómpre sinalar, como de cada 4 persoas paradas con estudos postsecundarios 3 son mulleres (75%), lonxe do 67% que marca Galicia e a provincia de Pontevedra.

Analizando a **poboación demandante de emprego e o sector** onde se localiza, atopamos que durante o 2021 de cada 100 persoas en paro máis de 64 demandaban emprego no sector servizos (no 2013 esta relación era de 48).


Táboa-26- Paro segundo sexo e sector de actividade. Vilaboa 2013-2021

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Agricultura/Pesca	18	18	36	2	14	16
Industria	50	65	115	22	30	52
Construción	14	135	149	4	31	35
Servizos	216	118	334	136	79	215
Sen emprego anterior	40	32	72	14	5	19
TOTAL	338	368	706	178	159	337

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O sector que acumula o maior número de persoas paradas é o de servizos. A tal forma que 3 de cada 4 mulleres paradas buscan emprego neste sector, e 2 de cada 4 o fan no caso dos homes. Esta realidade a podemos constatar na seguinte gráfica:

Gráfico-24- Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade. Vilaboa 2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE



### 3.4.3 Afiliacións Seguridade Social

En relación ás **altas laborais na Seguridade Social**, os datos amosan un incremento nos últimos oito anos dun 11%. Dato parello ao incremento comarcal (14%), provincial (12%) e galego (9%)

Táboa-27- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e nacionalidade. Vilaboa 2013-2020

	Ano 2013			Ano 2021		
	mulleres	homes	Total	mulleres	homes	Total
Española	3.509	3.840	7.349	3.809	4.418	8.227
Estranxeira	46	106	152	97	95	192
TOTAL	3.555	3.946	7.501	3.906	4.513	8.419

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos a 31 de decembro do 2021 reflicten que, ao igual que no 2013, por cada 100 persoas con alta na Seguridade Social 98 persoas son de nacionalidade española e 2 de nacionalidade estranxeira. Respecto á desagregación por sexo os homes en alta da Seguridade Social seguen a ser unha leve maioría nunha proporción de 53-47.

Considerando as **idades** das mulleres e homes en **alta laboral** a información obtida expresa que, en termos xerais, tanto no ano 2021 como no 2013, a idade onde se concentra o maior número de altas laborais é dos 40 ata os 44 anos.

Esta franxa de idade, nos dous anos estudados, comparten porcentaxe (16%) sobre o dato absoluto de filiacións.

Táboa-28- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e idade. Vilaboa 2021

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
< 20	33	49%	35	51%	68
20-24	176	39%	271	61%	447
25-29	326	45%	398	55%	724
30-34	501	48%	543	52%	1.044
35-39	618	47%	699	53%	1.317
40-44	834	49%	866	51%	1.700
45-49	754	46%	869	54%	1.623
50-54	656	44%	827	56%	1.483
55-59	550	44%	659	56%	1.209
>= 60	395	44%	506	56%	901
<b>TOTAL</b>	<b>4.843</b>	<b>46%</b>	<b>5.673</b>	<b>54%</b>	<b>10.516</b>


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.





O número de afiliacións á Seguridade Social de mulleres é, tanto no cómputo xeral como en cada unha das idades analizadas, inferior á dos homes. É salientable o dato de como dos 20 a 24 anos de cada 100 filiacións 61 corresponden a traballadores e 39 a traballadoras.

A seguinte gráfica debuxa este panorama:



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

De forma congruente co expresado ata o de agora, os homes son maioría á hora das afiliacións á Seguridade Social. Ao mesmo tempo, traballadoras e traballadores amosan unha diferente curva que se cruza no intervalo de idade dos 40 aos 44 anos. No caso dos mulleres o descenso a partir desta franxa de idade é en pico, no caso dos homes o cumio mantense ata os 54 anos para comezar a diminuír a partires desta idade.

#### 3.4.4 A modo de Resumo

Como **RESUMO** dese apartado, sinalamos os seguintes aspectos:

- En relación á **contratación**:
  - En termos globais, do 2013 ao 2021, Vilaboa amosa unha perda de contratación do 2%, mentres que nos territorios de referencia a tendencia é inversa: Galicia gaña un 27% e Pontevedra un 29%.
  - Esta perda ten relación coa diminución porcentual de contratos celebrados a mulleres, fundamentalmente ás maiores de 55 anos. No 2013 as mulleres representaban un 50% e no 2021 un 38%. Cómpre ter en conta que os datos a fin do 2021 para Galicia son dun 48%, para a provincia 45% e para a comarca dun 46%.



- En relación ao nivel de estudos, o groso da contratación atópase nas persoas con estudos secundarios, ao igual que en todos os territorios de referencia. Non obstante, nos últimos anos a relación mulleres-homes pasa dun 54-46 a un 40-60, e no nivel de estudos superiores as mulleres perden peso de forma drástica, pasando dun 83% a un 37%, realidade que non acontece nos territorios de referencia.
- O principal sector de contratación é “servizos”, sector feminizado no 2013 (62% mulleres) no que a día de hoxe as mulleres perden peso (43%)
- En termos xerais, 1 de cada 4 contratos celebrados en Vilaboa o son a tempo parcial. Non obstante, ao desagregar estes datos en función do sexo da persoa, comprobamos que para as mulleres representa o 33% da contratación e para o homes o 17%.
- **En relación ao paro:**
  - A nivel xeral, este reduciuse nos últimos catro anos nun 52%, dato sensiblemente maior que nos territorios de referencia, cunha proporción dun 47% para a poboación feminina e un 57% para a masculina
  - O perfil é muller ou home maior de 25 anos e con máis de 1 ano como demandante de emprego. Mentres este perfil no 2021 recolle o 53% das mulleres demandantes de emprego e o 51% dos seus homólogos, no 2013 esta realidade afectaba ao 45% de mulleres en paro e o 46% de homes parados.
  - As persoas con estudos secundarios seguen a ser as que presentan maior taxa de paro. Cómpre sinalar unha característica específica de Vilaboa: de cada 4 persoas paradas con estudos postsecundarios 3 son mulleres (75%), lonxe do 67% que marca Galicia e a provincia de Pontevedra.
  - O sector que acumula o maior número de persoas paradas é o de servizos. A tal forma que 3 de cada 4 mulleres paradas buscan emprego neste sector, e 2 de cada 4 o fan no caso dos homes.
- **En relación ás afiliacións da Seguridade Social:**
  - O tramo de idade con maior número de afiliacións, tanto de mulleres como de homes, é dos 40 aos 44 anos.
  - Os homes son maioría á hora das afiliacións á Seguridade Social. Ao mesmo tempo, traballadoras e traballadores amosan unha diferente curva que se cruza no intervalo de idade dos 40 aos 44 anos. No caso dos mulleres o descenso a partir desta franxa de idade é en pico, no caso dos homes o cumio mantense ata os 54 anos para comezar a diminuír a partires desta idade.



### 3.5. BENESTAR SOCIAL

Neste epígrafe analizamos unha serie de indicadores de benestar e condicións de vida da poboación de Vilaboa, segundo os datos extraídos do Banco de Datos Municipal do Instituto Galego de Estatística.

Os anos de recollida de datos son: 2021,2020, 2019 e 2013. Nos casos nos que non existen datos do 2021 recorreremos aos inmediatamente anteriores.

Faremos mención aos territorios de referencia, no mesmo marco temporal, na procura de referenciar a información vertida e dotar dun marco comparativo.

Os subapartados analizados, son:

3.5.1 Pensións Seguridade Social

3.5.2 Prestacións Públicas

3.5.3 A modo de Resumo

#### 3.5.1 Pensións Seguridade Social

As pensións da Seguridade Social poden ser contributivas e non contributivas, polo que cómpre lembrar que as **pensións contributivas da Seguridade Social** son prestacións económicas de duración indefinida nas que, en xeral, a concesión está supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social sempre que se cumpran unha serie de requisitos esixidos.<sup>9</sup>

Táboa-29- Número pensionistas S. Social por sexo. Vilaboa/Comarca/Pontevedra/Galicia 2013-2019.

	Ano 2013			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
<b>Vilaboa</b>	<b>833</b>	<b>712</b>	<b>1.545</b>	<b>877</b>	<b>815</b>	<b>1.692</b>
Comarca	11.931	11.533	23.464	13.087	12.693	25.780
Provincia	99.641	100.755	200.396	106.061	107.428	239.269
Galicia	323.876	323.306	647.182	336.053	334.499	670.552

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

En termos xerais, as persoas pensionistas en Vilaboa desde o ano 2013 ao 2019 incrementáronse nun 9%. Os territorios de referencia tamén observaron incremento, no caso dos datos comarcais a mesma proporción que Vilaboa (9%), os provinciais un 16% e os galegos un 3%.

En relación a proporción mulleres-homes, cabe sinalar que Vilaboa é o territorio cunha maior proporción de mulleres tanto no 2013 (54-46) como no 2019 (52-48)

Outro dato de interese, á hora de achegar información sobre indicadores de benestar, é coñecer o **importe medio das pensións**.

9 [http://www.seg-social.es/Internet\\_1/Pensionistas/Pensiones/ModalidadesClases/index.htm](http://www.seg-social.es/Internet_1/Pensionistas/Pensiones/ModalidadesClases/index.htm)



Táboa-30- Importe medio das pensións por sexo. Vilaboa/Comarca/Pontevedra/Galicia 2013-2019.

	Ano 2013			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
<b>Vilaboa</b>	<b>702</b>	<b>939</b>	<b>811</b>	<b>808</b>	<b>1.073</b>	<b>936</b>
Comarca	737	1.022	877	884	1.166	1.023
Provincia	717	1.021	870	847	1.161	1.005
Galicia	704	963	834	827	1.107	966

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Na táboa anterior podemos observar, a nivel global e desagregado por sexo, o importe medio das pensións para a poboación de Vilaboa e territorios de referencia no ano 2013 e 2019.

Un dato a destacar, é observar como as pensións de homes e mulleres de Vilaboa son as de menor importe comparativamente cos territorios de referencia no 2013 e 2019. Para o ano 2019, en datos totais, a media das pensións foi 87€ menor que a comarcal, 69€ menor que a media provincial, e 30€ menor que a galega.


A este dato, que sinala a menor contía da media de pensións da poboación de Vilaboa, cómpre engadir que as mulleres que perciben pensións contributivas da Seguridade Social, cobran menos que os seus homólogos masculinos en todos os territorios, en Vilaboa un 25% menos (265€).

Ao analizar os datos de forma comparativa, observamos que dende o ano 2013 ao 2019 as pensións incrementáronse en datos globais e en todos os territorios analizados arredor dun 14%. No caso de Vilaboa o incremento é tanto para mulleres como homes dun 13%, mentres que para os outros territorios o incremento medio do grupo de homes pensionistas é menor que no caso das pensionistas: na comarca increméntase un 17% para as mulleres e un 12% para os homes, na provincia estes datos son dun 15% e 12% e no global de Galicia dun 15% e 13% respectivamente.

Esta análise amosa como as diferenzas entre homes e mulleres á hora de percibir a súa pensión contributiva, vese reducida nos territorios de referencia como consecuencia dunha maior subida deste importe medio para o colectivo de mulleres. Non obstante, no caso de Vilaboa a suba porcentual é a mesma para os dous sexos o que significa que se mantén a mesma fenda de xénero mentres que nos territorios de referencia esta vai diminuindo.

A seguinte gráfica visualiza estas diferenzas constantes.

Gráfico-26- Importe medio das pensións por sexo.Vilaboa/Comarca/Pontevedra/Galicia 2013-2019.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.




Características xerais do ámbito do emprego nas mulleres (fenda salarial, carreiras profesionais máis curtas e descontinuas, etc.), engadido aos elementos sinalados no epígrafe anterior (a maior contratación de mulleres a tempo parcial que aparelha menor cotización, a maior taxa de desemprego e en especial do de longa duración, as menores cotas de afiliación á Seguridade Social respecto das masculinas, etc.) constitúense como determinantes á hora de explicar esta fenda nas pensións, o que a súa vez facilita o fenómeno da *feminización da pobreza*.

Para finalizar este apartado, e na procura de profundar sobre a realidade das pensións contributivas da Seguridade Social, achegamos aos datos ata o de agora expostos (importes medios), os **valores da mediana**, entendida como o valor que ocupa o lugar central. Cómpre lembrar que a mediana sitúase na posición intermedia deixando igual número de valores por enriba e por debaixo.

Cando os valores son homoxéneos os datos de media e mediana tenden a coincidir, agora ben, cando a distribución é heteroxénea (extrema ou moi dispar) o dato que mellor nos vai informar do valor central é a mediana, xa que a media queda suxeita ás variacións dos datos máis extremos que non teñen porque representar a realidade máis frecuente.

A continuación sinalamos de forma gráfica os valores das medianas das pensións para Vilaboa e territorios de referencia durante o 2019

Gráfico-27- Mediana das pensións por sexo. Vilaboa/Comarca/Pontevedra/Galicia 2019.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

De acordo co exposto nas anteriores gráficas, aínda cando a media das pensións contributivas para as Vilaboesas é de 808€ no ano 2019, a mediana é inferior (677€) marcando unha porcentaxe dun 16% menos (131€). No caso dos homes a media é de 1.073€ e a mediana 927€, unha porcentaxe dun 14% menos (146€).

Isto significa que os datos das medias aritméticas se atopan desviados por importes de pensións contributivas elevadas que fan que este dato se incremente, mentres que a mediana amosa o importe central das pensións, a tal forma que poderíamos concluír sinalando que o valor central das pensións contributivas da Seguridade Social para as mulleres de Vilaboa é de 677€ e de 927€ para os homes.



A continuación analizamos as **Pensións Non Contributivas da Seguridade Social**.

Táboa-31- Nº persoas beneficiarias de PNC da S. Social por sexo e tipo pensión. Vilaboa 2013-2020

	Ano 2013					Ano 2020				
	Mulleres		Homes		TOTAL	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%		Abs.	%	Abs.	%	
Invalidez	28	74%	10	26%	38	19	54%	16	46%	35
Xubilación	65	78%	18	22%	83	37	76%	12	24%	49
TOTAL	93	77%	28	33%	121	56	67%	28	33%	84

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

No ano 2020 as mulleres de Vilaboa triplican as pensións non contributivas de xubilación comparativamente ás dos homes, mentres que nas relativas a invalidez homes e mulleres se atopan en número similares.

Dende unha perspectiva temporal, o número de pensións non contributivas por invalidez retráense un 9% e as de xubilación un 69%.

Tendo en conta que as mulleres perciben pensións contributivas de importe menor que as dos seus homólogos, que son maioría na percepción de non contributivas e que a contía destas é sempre menor á das pensións contributivas da Seguridade Social, podemos concluír que **existe unha profunda fenda de xénero á hora das prestacións por xubilación**.

### 3.5.2 Prestacións Públicas

Táboa-32- Persoas beneficiarias de RISGA e AIS segundo sexo. Xunta de Galicia. Vilaboa 2013-2020

	Ano 2013					Ano 2020				
	Mulleres		Homes		TOTAL	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%		Abs.	%	Abs.	%	
RISGA	8	36%	14	64%	22	3	30%	7	70%	10
AIS	0	0%	1	100%	1	0	0%	1	100%	1
TOTAL	8	35%	15	65%	23	3	27%	8	73%	11

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A Renda de Inclusión social de Galicia (RISGA) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) **son prestacións públicas de carácter económico de subsistencia**. A primeira está destinada a garantir recursos económicos de subsistencia e conseguir a autonomía e integración social e laboral, a segunda ten como finalidade posibilitar ou reforzar procesos de inclusión social, así como atender situacións de grave emerxencia que poidan desencadear en procesos de exclusión social.

Tanto no ano 2013 como 2020 a maioría de persoas beneficiarias de RISGA e AIS son homes (65% e 73% respectivamente). Nestes últimos oito anos a percepción da RISGA diminuíu nun 55% e a de AIS mantívose.



Outro elemento a abordar neste apartado é o da **discapacidade**, non obstante, non se dispón de datos desagregados por sexo e por grao de discapacidade a nivel municipal máis alá do 2016. Non obstante coñecemos que no 2021 o número de persoas con algún tipo de discapacidade foi de 684, das que 344 son mulleres (50%) e 340 homes (50%).

### 3.5.3 A modo de Resumo

- En termos xerais, as persoas pensionistas en Vilaboa desde o ano 2013 ao 2019 incrementáronse nun 9%.
- As **pensións contributivas da Seguridade Social** dos e das habitantes de Vilaboa teñen menor importe que as correlativas a nivel comarcal, provincial e galego. No 2013 as mulleres cobraban de media 237€/mes menos que os homes, no 2019 esta diferenza é de 265€/mes.
- En todos os territorios analizados incrementábase o importe medio das pensións contributivas dende o 2013 ao 2019 e este incremento é maior para as pensións das mulleres que para a dos homes, excepto no territorio de Vilaboa, onde o incremento é proporcionalmente igual para unhas e outros, o que afianza a fenda de xénero.
- En relacións **ás pensións non contributivas da Seguridade Social**, as mulleres de Vilaboa triplican as PNC de xubilación da poboación de homes, mentres que nas relativas a invalidez homes e mulleres se atopan en números similares.
- Nos últimos anos diminuíu á metade o número de habitantes de Vilaboa que perciben **prestacións públicas de carácter económico de subsistencia**. 3 de cada 4 persoas que perciben este tipo de prestacións públicas son homes.



### 3.6. VIOLENCIA DE XÉNERO

Os datos enrocados neste apartado proveñen da *Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género (Ministerio de Igualdad)*, no interese de achegarmos á realidade da Violencia de Xénero dende unha lente que se vai aproximando do xeral ao concreto.

Cómpre ter en conta que a información dispoñible, en relación ás denuncias e ordes de protección, pertencen a partidos xudiciais e estes engloban a máis dun concello. No caso de Vilaboa o partido xudicial que lle corresponde é o de Cangas, composto polos concellos de Cangas, Moaña e Vilaboa.

De acordo ao exposto este apartado organízase nos seguintes puntos:

3.6.1 Evolución e Magnitude


3.6.2 Denuncias e Ordes de Protección

3.6.5 A modo de Resumo

O marco temporal dos datos percorre dende o 2010 ou 2011, ao 2020 ou 2021, na procura de describir a evolución desta realidade na última década, mentres que o territorial achega datos do Estado español, Galicia, provinciais e Partido Xudicial na procura de debuxar espazos comparativos.

#### 3.6.1 Evolución e Magnitude.

Gráfico-28- Evolución dos asasinatos de mulleres por violencia de xénero. España 2010-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Nestes últimos doce anos foron asasinadas 649 mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas.

A gráfica anterior permite visualizar as oscilacións anuais de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero: o ano 2010 é o de maior incidencia (73), seguido do 2011 (62) e do 2015 (60). Pola contra os de menor número de casos son: ano 2021 (44), 2020 (47) e o 2016 (49).





É relevante observar como o ano 2021 e 2020 marcan o menor número de mulleres asasinadas de toda a serie de datos. A este respecto é importante contextualizar estes anos como anos de pandemia e confinamento. Unha plausible explicación a estes datos a achega Miguel Lorente<sup>10</sup>: *Os datos evidencian que os agresores contaron coa complicidade do confinamento para conseguir controlar, reter e someter ás mulleres. Para enténdelo, cómpre ter en conta que o obxectivo da violencia de xénero non é o dano polo dano, senón controlar, dominar e someter á muller aos ditados que impón o agresor a partir de elementos sociais e culturais. Nas circunstancias de encerro e restricións de mobilidade, hai máis posibilidades de que este obxectivo se poida cumprir sen necesidade de recorrer a unha violencia engadida que pode traducirse en asasinato.*”

Non obstante, para entender a Violencia de Xénero en toda a súa magnitude, achegamos unha serie de datos que nos permite analizar esta realidade dun xeito máis amplo.

Táboa-33- Aspectos salientables da realidade da Violencia de Xénero. España 2017-2021.

	ANOS						
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
Nº de mulleres asasinadas	49	50	51	55	47	44	
Nº menores asasinad@s	1	8	7	3	3	7	
Nº de orfas e orfos menores 18a	30	25	41	46	26	30	
Idades mulleres asasinadas (%)	21-30a	26%	18%	14%	18%	11%	11%
	31-40a	27%	32%	28%	18%	22%	34%
	41-50a	16%	24%	33%	40%	27%	22%
	51-60a	18%	12%	10%	13%	13%	18%
Mulleres con denuncia previa	16	12	15	11	8	9	
Mulleres c/ medidas adoptadas en vigor	6	6	4	4	2	5	
Convivencia co agresor (%)	49%	62%	67%	73%	74%	61%	

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Na táboa anterior, observamos como ao número de mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas habería que engadir, como mínimo, os e as menores asasinados polo agresor, a tal forma, que os datos de asasinatos incrementaríanse, chegando ás 51 mortes no pasado 2021. Non obstante, cómpre entender que en moitos destes casos esta é unha violencia secundaria á vítima principal, a muller. É a esta a quen se quere danar e faise a través das súas fillas e fillos, na consciencia do maltratador neste dano extremo (violencia vicaria).

Outra realidade é a das orfas e orfos menores, nenos e nenas sempre vítimas de violencia de xénero, que á perda das súas nais en condicións trágicas, se engaden múltiples dificultades económicas e sociais, e invariablemente importantes secuelas psicolóxicas. Durante os últimos seis anos esta realidade é sufrida por un total de 198 de menores.

10 Experto Internacional en Violencia de Xénero




Respecto do intervalo de idade das mulleres vítimas mortais, este abrangue maioritariamente dos 21 aos 60 anos, establecendo o tramo máis representativo dos 31 aos 50 anos no que se atopan, en liñas xerais, máis da metade das mulleres asasinadas polos seus agresores.

Por outra banda, e de forma maioritaria, as mulleres asasinadas convivían co agresor no momento do seu asasinato. No 2021 de cada 100 mulleres asasinadas 61 vivían co seu agresor.

Para finalizar, sinalar que en liñas xerais, 2 de cada 10 mulleres vítimas mortais de violencia de xénero interpuxeron previamente denuncia. Ao mesmo tempo indicar, que das mulleres con denuncia previa, foron vítimas desta violencia con resultado de morte tendo medidas adoptadas en vigor unha porcentaxe que chega ao 55% no ano 2021.

Dende unha perspectiva que se vai achegando á realidade do territorio, amosamos de xeito gráfico os datos relativos á comunidade galega.

Gráfico-29- Evolución dos asasinatos de menores por violencia de xénero. Galicia 2010-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Os datos relativos aos asasinatos de mulleres por violencia de xénero en Galicia indica que das 649 mulleres asasinadas no Estado Español na última década, 42 eran da Comunidade Autónoma Galega, o que representa un 6%.

Observamos como os anos de maior incidencia son o 2015 con 8 mulleres asasinadas e o 2014 con 6. O último ano, 2021, é o de menor impacto con 1 muller asasinada.

### 3.6.2 Denuncias e Ordes de Protección

Un dato que nos permite coñecer, en parte, o impacto da violencia exercida contra as mulleres son as denuncias interpostas.

Coñecemos pola *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer 2019 (Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género)* que:

- O 57,3% das mulleres sufriron violencia polo feito de ser muller. Dende a Macroencuesta refírense a todas as violencias, as recollidas na Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género e as violencias cotiás e normalizadas.




- O 32,4% das mulleres viviron ou viven violencia de xénero por parte da parella actual ou parella/s pasada/s. Desta porcentaxe o 32,1% chegaron a denunciála, tanto elas como persoas achegadas.

Esta información axúdannos a entender que as denuncias interpostas non son máis que a punta do iceberg e que os datos que expoñemos a continuación son unha lente que nos facilita achegarnos á violencia de xénero, non á realidade da violencia de xénero na súa totalidade.

A estes efectos, sinalamos os datos de denuncias desde o 2010 ao 2021 para o territorio galego desde a composición provincial.

Visualizando datos provinciais en relación ás denuncias, observamos os seguintes trazos:

Gráfico-30- Evolución das denuncias por violencia xénero por Provincias. 2010-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

En números absolutos, as provincias de Pontevedra e A Coruña son as de maior número de denuncias interpostas por violencia de xénero comparativamente ás de Lugo e Ourense. Con todo, este dato hai que referenciarlo coa poboación de mulleres de cada unha das provincias, e o resultado é o mesmo cociente para as catro provincias: 0,003.

A anterior gráfica debuxa, a nivel xeral, unha tendencia descendente desde o ano 2019:

- A Coruña logra o seu maior pico no 2019 con 2.788 denuncias e nos dous seguintes anos marca unha baixada do 30%.
- A realidade para a provincia de Pontevedra non difire en exceso, salvo por entender que o ano de caída comeza no 2017 (2.518) e continúa a día de hoxe cunha diminución do 34%.
- Lugo acadou o seu maior pico no ano 2017 (729) e o retraemento a 2021 é dun 24%.
- O ano 2018 marca o número de denuncias máis elevado para a provincia de Ourense (806) cun retroceso do 33% ata o 2021.

Cómpre sinalar que o dato de denuncias do 2021 da provincia de Pontevedra é o menor en toda a serie temporal estudada.




Para rematar con este apartado, indicar que de cada 100 denuncias interpostas 41 corresponden a territorio de A Coruña; 36 a Pontevedra; 12 a Lugo e; 11 a Ourense.

En relación ás denuncias por violencia de xénero, atópanse as Ordes de Protección: *instrumento legal deseñado para protexer ás vítimas fronte a todo tipo de agresións. Para elo, a orde de protección concentra nunha única e inmediata resolución xudicial (un auto) a adopción de medidas de protección e seguridade de natureza penal e natureza civil, e activa ao mesmo tempo os mecanismos de asistencia e protección social establecidos a favor da vítima polo Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais.*<sup>11</sup>

Tendo en conta que as Ordes de Protección son un mecanismo legal de abrigo e que están univocamente vencelladas á denuncia, nos seguintes parágrafos amosamos estes dous parámetros de forma conxunta, o que facilita analizar a evolución da violencia de xénero, desde unha óptica legal, na última década.

A modo de contexto, amosamos os datos de denuncias e Ordes de Protección no marco do Estado Español.

Gráfico-31- Evolución denuncias e Ordes de Protección. España 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

A evolución das denuncias en España marca unha tendencia de alza e meseta do 2016 ao 2019 e no 2020 hai unha clara baixada. No primeiro período, antes mencionado a suba é dun 15% e a baixada entre o 2019 ao 2020 dun 10%.

Non obstante as OP<sup>12</sup>, non amosan de igual forma a mesma variabilidade. Nos mesmos períodos que os indicados no parágrafo anterior, a suba é dun 7%, pero a baixada dun 12%.

Podemos afirmar que no 2020 o 24% das mulleres que presentaron denuncia obtiveron OP.


Na seguinte gráfica achegamos os datos das ordes de protección ditadas en Galicia dende o ano 2010 ao 2021, xunto coas denuncias interpostas neste mesmo marco temporal.

<sup>11</sup> <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionalesInvestigacion/asistenciaSocial/recursos/orden/home.htm>

<sup>12</sup> En diante abreviatura de Ordes de Protección.



Gráfico-32- Evolución denuncias e Ordes de Protección. Galicia 2011-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad


A gráfica anterior debuxa, para as denuncias, unha evolución ascendente con pico de baixada para o ano 2012 e de baixada acusada durante o 2020 e 2021. No 2020 diminuíron o número de denuncias respecto do 2019 nun 7% e no 2021 un 23% respecto ao 2020, a tal forma, que a baixada dende o 2019 ata o 2021 é dun 28%.

En relación á evolución das Ordes de Protección en Galicia, sinalase unha tendencia de suba e meseta desde o ano 2017 ata o 2020 e un marcado descenso no 2021 cun retraemento do 34%, pasando de 2.009 ordes de protección no 2020 a 1.333 no ano 2021. Este dato é preciso relacionalo co número de denuncias, onde tamén observamos un descenso no último ano do 23%.

Constátase que no 2021 o 28% das denuncias interpostas se adoptan medidas de protección.

Do mesmo xeito que abordamos as denuncias a nivel provincial, imos amosar a evolución das OP na provincia de Pontevedra acompañada das denuncias interpostas no mesmo marco temporal

Gráfico-33- Evolución denuncias e Ordes de Protección. Pontevedra 2011-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Tal como sinalábase en parágrafos anteriores, a realidade para a provincia de Pontevedra ven marcado pola baixada de denuncias a partir do ano 2017 (2.518) que continúa a día de hoxe cunha diminución do 34%.




En canto ás Ordes de Protección, obsérvase un retraemento no último ano do 30% (612 OP ditadas no 2020 e 425 no 2021).

Respecto á proporción de OP-denuncias, sinalar que esta foi para o 2021 dun 25%.

O nivel máis achegado ao territorio de Vilaboa é o do partido xudicial. Estes son as unidades territoriais da Administración de Xustiza e compóñense dun ou varios municipios limítrofes. Vilaboa forma parte do partido xudicial de Cangas xunto co concello do mesmo nome e Moaña.

Dende esta perspectiva achegamos a evolución das denuncias por violencia de xénero xunto coas Ordes de Protección deste partido xudicial na procura de establecer a realidade máis próxima a Vilaboa

Gráfico-34- Evolución denuncias e Ordes de Protección. Partido Xudicial de Cangas 2010-2021



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Observamos unha grande oscilación tanto na liña de denuncias como na de OP, e o que é máis salientable: non descorren parellas.

Respecto do número de denuncias interpostas por violencia de xénero no Partido Xudicial de Cangas, existe unha gran variabilidade neste marco temporal. Os picos máis elevados correspondentes ao maior número de denuncias son os relativos aos anos 2017 e 2019 con 165 e 154 denuncias respectivamente. Pola contra os anos de menor número de denuncias corresponden con ano 2016 (50 denuncias) e 2011 (62 denuncias).

Observando as Ordes de Protección ditadas os anos de maior número son o 2012 con 64 e o 2011 e 2017 con 41 tanto para un como para outro ano. No polo oposto atopamos o ano 2010 con 21 OP e o 2018 con 22.

Ao feito de que a evolución tanto de denuncias como de Ordes de Protección, debuxan liñas en folia de serra, hai que engadirlle a falla de correspondencia lineal entre unhas e outras, chegando a debuxar un panorama semellante o 2021 ao do ano 2010.

A porcentaxe de OP respecto das denuncias interpostas, foi para o ano 2021 dun 20%.



Hai un dato que comparte a análise da evolución do partido xudicial de Cangas cos datos provinciais e galegos, incluídos os do Estado Español: o descenso en número de denuncias e Ordes de Protección do 2019 ao 2021.

### 3.6.3 A modo de Resumo

Sinalar que:

- Do ano 2010 ao 2021, foron asasinadas 649 mulleres a mans das súas parellas ou exparellas. 6 de cada 10 convivían co agresor no momento do seu asasinato e 2 de cada 10 interpuxeron denuncia.
- Durante o último ano (2021) de cada 100 denuncias interpostas en Galicia 41 corresponden a territorio de A Coruña; 36 a Pontevedra; 12 a Lugo e; 11 a Ourense.
- En relación ás denuncias e Ordes de Protección:
  - A evolución das denuncias en España marca unha tendencia de alza e meseta do 2016 ao 2019 e no 2020 hai unha clara baixada. As Ordes de Protección presentan un panorama similar pero con menor suba e maior baixada.
  - En territorio galego as denuncias, amosan unha evolución ascendente con pico de baixada para o ano 2012 e de baixada acusada durante o 2020 e 2021. Do mesmo xeito á evolución das Ordes de Protección en Galicia marca unha tendencia de marcado descenso no 2020 e 2021.
  - A realidade para a provincia de Pontevedra ven marcado pola baixada de denuncias a partir do ano 2017 ata día de hoxe. En canto ás Ordes de Protección, obsérvase un forte retraemento no último ano (2021).
  - A evolución do número de denuncias interpostas por violencia de xénero no Partido Xudicial de Cangas, é de gran variabilidade. Amosa unha curva en folla de serra. Os picos máis elevados corresponden aos anos 2017 e 2019 e os anos de menor número de denuncias ao ano 2016 e 2011. Os anos con máis Ordes de Protección ditadas son o 2012, 2011 e 2017. No polo oposto atopamos o ano 2010 e o 2018.
  - No último ano consultado a proporción de Ordes de Protección en relación ás denuncias é para os territorios analizados:
    - Un 24% no estado Español.
    - 28% no conxunto de Galicia.
    - De un 25% para a provincia de Pontevedra.
    - Un 20% no Partido Xudicial de Cangas, ao que pertence o Concello de Vilaboa.



## 4. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUALITATIVA

A información que a continuación expoñemos foi extraída das reunións, entrevistas e comunicacións realizadas coa comunidade educativa, departamentos municipais, grupos políticos, asociacións de mulleres e movemento asociativo local, que participaron no proceso de elaboración do diagnóstico Sociodemográfico de mulleres e homes de Vilaboa, elaborada previa realización do Plan de Igualdade para a Cidadanía do Concello de Vilaboa. Esta información, estruturada en diversos ámbitos, amosa as necesidades e dificultades detectadas na localidade polas e polos axentes sociais e comunitarios participantes.

### A nivel educativo

- Existencia dalgún problema de desprazamento para realizar estudos Postobrigatorios por parte de determinado alumnado da localidade, que ten que desprazarse a Pontevedra, pola case inexistente rede de transporte público. Feito que en ocasións provoca o abandono dos mesmos.
- Posibilidade de realizar actividades formativas desde a perspectiva de xénero (sobre convivencia, habilidades sociais..etc) introducindo a participación de nais e pais da localidade a través do establecemento de incentivos para acceder a determinados servizos e/ou axudas municipais.
- Desde a comunidade educativa, detéctase a existencia dun claro deterioro da saúde mental de nenas e nenos tras a pandemia e que pode verse agravada cando finalicen, para moitas familias, as medidas extraordinarias de protección do emprego (ERTE) e deixen de percibir as axudas económicas deseñadas para a actual situación. Moitas rapazas e rapaces precisan de axuda psicolóxica que demora meses debido ao importante colapso existente na Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do SERGAS. Hai que ter en conta que moitas das familias non contan con recursos suficientes para costear esta asistencia de xeito privado, polo que urxe garantir esta asistencia psicolóxica dende as institucións públicas.
- Existencia dunha porcentaxe elevada de alumnado do centro que ten dereito ás axudas de fondo libros e material escolar pola baixas rendas familiares.
- Desde o Concello e o centro educativo, existe unha traxectoria importante de traballo coa comunidade Marroquí. Este traballo tivo os seus froitos sobre todo en materia de inclusión, visibilización e participación das mulleres marroquí constatándose cambios significativos, como o feito de que moitas delas traballan, conducen, participan máis activamente na vida do centro e incluso con participación no Consello Escolar como representantes das familias.
- Obsérvase que a aceptación de orientacións sexuais diferentes da heterosexual ven condicionada, en grande parte, polos patróns culturais da sociedade onde a persoa estea inmersa. Queda un traballo importante para lograr a aceptación e o respecto polas diversidades sexuais, pero este traballo é maior cando falamos da comunidade xitana na que, culturalmente, a homosexualidade non está aceptada. Unha muller e xitana, non pode vivir en liberdade unha orientación sexual diferente da normativa, xa que de facelo, mirárase illada e sen comprensión e apoio familiar. Neste sentido, fórmase que existe a necesidade de prestar un apoio específico ás mulleres do colectivo xitano, así como formación en igualdade e educación afectivo sexual para as familias. O deseño desta intervención deberá contemplar a participación de persoal técnico experto pertencentes á súa propia etnia.





- Coméntase que no CPI do Toural, grazas a participación activa e comprometida da ANPA do centro que leva tres anos solicitando a subvención para traballar a igualdade, vense desenvolvendo o programa co-educativo “*Toural Diverso: coeducación nas diversidades*”, que está estruturado a partir dunha serie de propostas e actividades dirixidas a traballar a igualdade e a coeducación entre o alumnado. Programa innovador a través do que se levan a cabo actividades lúdicas, como métodos teatrais, sempre dende a perspectiva de xénero, para desmontar estereotipos, atendendo ás diversidades sexuais, en prol da igualdade de todas as persoas por cuestións de identidades de xénero e sexualidades. Nesta liña o centro solicitou este curso diversos Contratos-Programa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través dos cales se achegan recursos extraordinarios para o traballo en distintas liñas de actuación, entre as cales se inclúe a igualdade, convivencia e educación emocional a través dos programas IGUALA-T, CONVIVE-T e EMOCIONA-T .

### **Respecto de recursos, servizos e ocio**

- Coincídese na existencia dalgún problema de desprazamento. Debido á dispersión existente, a poboación que non conta vehículo propio, ten problemas para desprazarse, fundamentalmente as mulleres maiores e con escasos recursos económicos que precisan asistir a determinados servizos e recursos e/ou para poder acometer necesidades básicas da vida diaria.
- Considérase a posibilidade de crear un Centro de Información á Muller Mancomunado, que facilite ás mulleres da localidade que o precisen poder acceder aos recursos existentes. Ao igual que establecer unha colaboración para que as mulleres de Vilaboa que o desexen poidan asistir ás actividades programadas por este servizo, facilitando, no seu caso, un medio de transporte.
- Existencia de illamento social e soidade, fundamentalmente nas mulleres. Ausencia de lugares e de actividades de sociabilidade para as mulleres das parroquias. Necesidade de realizar actividades sociais nos locais das asociacións, dotando os locais con xogos, materiais, actividades..etc coa finalidade de crear vínculos para combater a soidade e illamento social. O lugar de sociabilidade dos homes seguen a ser os bares.
- Tendo en conta o envellecemento da poboación deste Concello sería necesario fomentar cursos ou talleres de memoria ou axilidade mental e encontros dinámicos que favorezan o envellecemento activo.
- Explicítase a clara masculinización do deporte da localidade, fundamentalmente do fútbol. Existen clubs de piragüismo e ciclismo, onde a participación non está tan masculinizada como no caso do fútbol, onde non existe ningún grupo feminino. Necesidade de fomentar a participación deportiva de mulleres e homes en igualdade.
- Refírese que, en xeral, os talleres de memoria, ordenador e ximnasia, adoitan ter moita demanda por parte das mulleres. As actividades máis demandadas polas persoas maiores, son tamén as andainas e xantares. Indícase que é fundamental facer unha boa difusión “boca a boca” das actividades para que a xente se decate de que existen.



- Infórmase da dificultade que sofren as persoas maiores en xeral, e as mulleres en particular, no manexo do móbil e das novas tecnoloxías á hora de solicitar citas médicas, consultas coa administración, baixar app, manexar caixeiros, etc. Necesidade de proporcionar accións formativas sobre o manexo das tecnoloxías e das plataformas electrónicas empregadas polas Administracións

### **A nivel de Saúde**

- Deficiente servizo de matrona no Centro de Saúde de Vilaboa, a profesional asignada ten un horario escaso. Deficiencia que implica maior discriminación para as mulleres do rural, que en ocasións teñen que desprazarse á cidade máis próxima para poder acceder a programas de saúde sexual ou reprodutiva que o Sergas desenvolve.
- Considérase insuficiente o Centro de Saúde de Vilaboa. Necesidade de solicitar a reapertura do servizo de atención primaria do Consultorio de Saúde de Santa Cristina de Cobres e dotalo de persoal propio coa finalidade de paliar a carencia de recursos materiais e de persoal existente na zona.
- Detéctase a necesidade de realizar campañas informativas relacionadas coa saúde das mulleres en función do seu ciclo vital. Coméntase a existencia dun importante número de mulleres que padecen fibromialxia e endometriose que precisan de información e asesoramento.

### **A nivel de formación ocupacional e emprego**

- A experiencia sobre a formación da veciñanza de Vilaboa, indica que existe un número elevado de fracaso escolar. Se ben existe mocidade que remata a universidade cunhas notas destacadas, hai un amplo número de persoas que abandonan a escolaridade obrigatoria sen obter a graduación en ESO. Dende o Concello hai anos organizáronse cursos para obtención do graduado con pouco éxito de resultados. Detéctase a falta de constancia nalgunhas persoas que perderon o ritmo de estudo, cústalles máis,... ademais da vergoña ...., feito que acontece máis nos homes que nas mulleres.
- Menciónase que algunhas das persoas que necesitan a graduación en ESO desprázase a Pontevedra ao Centro de Adultos, non obstante, teñen que estar moi motivadas para optar a postos de traballo que requiren o graduado ou para facer cursos de formación ocupacional.
- Outras accións formativas desenvolvidas polo Concello foi a realización dos cursos de “Acompañante de autobús escolar” e de “Axudante de comedor”, ambos realizados con éxito, sobre todo porque ao organizalo en colaboración coa Fundación Erguete conseguiuase cubrir as 15 prazas con persoas procedentes doutros concellos limítrofes.



- Explícitase que se vive nun entorno rural onde non se valora demasiado a formación, segue a persistir a idea de que a muller se encarga da casa, da familia, e leva o peso fundamental da educación dos/as fillos/as. A mentalidade vese incluso na afluencia aos bares, cheos de homes tomando café, xogando a partida...etc.
- Indícase tamén a existencia dun alto número de mulleres traballadoras do fogar que non están contratadas, polo que sería necesario proporcionar a estas mulleres información relativa aos seus dereitos laborais.
- Coméntase a posibilidade de indagar sobre a creación dun nicho de emprego feminino con mulleres que traballan no campo para comercializar a cebola e outros produtos que se cultivan na localidade.

### **Sensibilización e concienciación en igualdade**

- Actividades extraescolares: música, piragüismo, fútbol, ximnasia rítmica e deporte, etc, sen perspectiva de xénero. Considérase necesario levar a cabo actividades lúdicas con perspectiva de xénero dirixidas á infancia e adolescencia. Necesidade tamén de realizar accións formativas sobre deporte e igualdade de oportunidades dirixida a deportistas, persoal técnico e nais e pais.
- Indícase a necesidade de realizar unha análise dos recursos que se invisten en deportes por exemplo fútbol (manter abertos todos os campos de fútbol, as luces, limpeza...) e o investido noutros deportes co obxectivo de realizar unha distribución máis equitativa dos recursos económicos investidos en deportes.
- Ausencia de formación do persoal técnico e político do Concello en materia de igualdade de oportunidades e violencia machista. Necesidade de poñer en marcha accións formativas neste sentido.
- Ausencia de programas de coeducación nos centros de ensino promovidos dende a Concellería de Igualdade dirixidos ao alumnado de infantil, primaria e secundaria.
- Existencia dunha programación cultural sen perspectiva de xénero. Realización dunha programación que contemple a perspectiva de xénero na organización do programa Cultural realizado polo Concello.
- Necesidade de dotar de contido as Campañas conmemorativas do 25N “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” e 8 M “Día Internacional da Muller” a través de actividades que promovan unha conciencia crítica e de denuncia social contra o sexismo a violencia de xénero.
- Persistencia de gran machismo na sociedade, a asistencia aos bares segue sendo eminentemente masculina, son poucas as mulleres que van. Necesidade de intervir cos homes, considerase que “son os que mais necesitan formarse e revisar a súa ideoloxía”. Posibilidade de crear unha asociación de homes pola igualdade.



- Necesidade de levar a cabo actividades dirixidas a promover e potenciar a autoestima das mulleres da localidade, especialmente as que se atopan con maiores dificultades debido a súa situación económica, así como as que presentan problemas derivados da dedicación ao coidado das persoas.
- Proponse a necesidade de fomentar a participación das mulleres da localidade nas directivas das asociacións.
- Existencia dun importante nivel de violencia e sexismo social moi estendido, que se manifesta en xogos, comentarios e chistes sexistas, bromas, relacións tóxicas, acoso....etc. Considérase que as familias son o núcleo fundamental para dar exemplo de bos tratos, para elo é importante a formación das mesmas.
- Comentase que a nefasta influencia das Tics e o seu mal uso están a producir na xente nova, que en moitas ocasións e a través das súas actuacións, favorecen o acoso e a violencia machista, descoñecendo que poden estar a cometer accións delitivas. Indícase a necesidade de sensibilizar nesta materia.
- Refírese a pouca formación sobre sexualidade e enfermidades de transmisión sexual coa que conta a xente nova. Necesidade de proporcionar formación sobre educación sexual con perspectiva de xénero como camiño para acadar sociedades máis igualitarias e xustas.
- Considérase importante promover desde o Concello de Vilaboa unha linguaxe e imaxe non sexista. O Concello, como institución pública debe ser exemplo de igualdade.
- Coméntase que a información extraída dunha enquisa realizada entre as mulleres da localidade, ante a pregunta de que actividades lles gustaría que se puxeran en marcha, as respostas maioritarias foron: andainas, actividades sobre coidados e sexualidade.
- Proponse realizar unha investigación da situación na que se atopan as mulleres dos dous prostíbulos existentes no Concello. Indagar si existen mulleres empadroadas no Concello nestes locais.



## 5. CONCLUSIONES

A nivel cuantitativo podemos concluir que Vilaboa:

- A nivel **demográfico**, na última década, perde un 1% da poboación de mulleres, a pesar de que no ano 2020 incrementase a poboación. Nos últimos dez anos, pérdese o 45% de poboación estranxeira, de procedencia maioritaria de Marrocos, aínda que crece o número de persoas procedentes de América do Sur, maioritariamente mulleres.
- A **media de idade** da poboación é de 48,9 anos, maior que a media provincial e a galega. Esta media máis elevada descansa sobre a poboación de mulleres.
- A **taxa bruta de mortalidade** é máis elevada que os demais territorios de referencia tanto no ano 2020 como nos dez anos anteriores. O saldo vexetativo, ao igual que nos demais territorios é negativo (-42) aínda que en Vilaboa é máis elevado, sendo o saldo vexetativo de mulleres -24, máis elevado que o dos homes -18.
- Demograficamente, a poboación de Vilaboa amosa un comportamento de tipo regresivo, o propio dun territorio desenvolvido, cun cumio -fundamentalmente composto por mulleres- máis ancho que a base e co maior ancheamento nas idades entre 40 a 64 anos, o que cuestiona a posibilidade de relevo xeracional.
- Respecto da **educación**, en termos globais pérdese un 10% de alumnado, fundamentalmente de estudiantado de Infantil e en menor medida Primaria. Incrementanse os alumnos e alumnas da ESO nun 13%. Redúcese nun 4% o profesorado nos centros de titularidade pública nos últimos anos.
- O **mercado laboral**, en termos globais, do 2013 ao 2021, indica que Vilaboa amosa unha perda de contratación do 2%, mentres que nos territorios de referencia a tendencia é inversa. Esta perda ten relación coa diminución porcentual de contratos celebrados a mulleres, fundamentalmente ás maiores de 55 anos. En relación ao nivel de estudos, o groso da contratación atópase nas persoas con estudos secundarios, ao igual que en todos os territorios de referencia. En termos xerais, 1 de cada 4 contratos celebrados o son a “tempo parcial”. Non obstante, comprobamos que para as mulleres representa o 33% da contratación e para o homes o 17%. En relación ao paro, reduciuse nos últimos catro anos nun 52%, dato sensiblemente maior que nos territorios de referencia, cunha proporción dun 47% para a poboación feminina e un 57% para a masculina. O perfil é muller ou home maior de 25 anos e con máis de 1 ano como demandante de emprego. Cómpre salientar unha característica específica de Vilaboa: de cada 4 persoas paradas con estudos postsecundarios 3 son mulleres (75%), lonxe do 67% que marca Galicia e a provincia de Pontevedra. 3 de cada 4 mulleres paradas e 2 de cada 4 homes buscan emprego no sector servizos.



- En relación ao **Benestar Social**, as pensións contributivas da Seguridade Social dos e das habitantes de Vilaboa teñen menor importe que as correlativas a nivel comarcal, provincial e galego. No 2013 as mulleres cobraban de media 237€/mes menos que os homes, no 2019 esta diferenza é de 265€/mes.
- As mulleres de Vilaboa triplican as Pensións Non Contributivas de xubilación da poboación de homes, mentres que nas relativas a invalidez, homes e mulleres se atopan en números similares.
- Nos últimos anos diminuíu á metade o número de habitantes de Vilaboa que perciben prestacións públicas de carácter económico de subsistencia. 3 de cada 4 persoas que perciben este tipo de prestacións públicas son homes.
- Respecto da **Violencia de Xénero**, a evolución do número de denuncias interpostas por violencia de xénero no Partido Xudicial de Cangas (ao que pertence Vilaboa) é de gran variabilidade. Amosa unha curva en folla de serra. Os picos máis elevados corresponden aos anos 2017 e 2019 e os anos de menor número de denuncias ao ano 2016 e 2011. Os anos con máis Ordes de Protección ditadas son o 2012, 2011 e 2017. No polo oposto atopamos o ano 2010 e o 2018.
- No último ano consultado a proporción de Ordes de Protección en relación ás denuncias é para os territorios analizados: Un 24% no Estado Español, 28% no conxunto de Galicia, un 25% para a provincia de Pontevedra, e un 20% no Partido Xudicial de Cangas, ao que pertence o Concello de Vilaboa.



## 6. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

Eva Tobías Olarte. Consejería de Políticas Sociales, Familia, Igualdad y Justicia. Diagnóstico de género de la Comunidad Autónoma de LA Rioja.

Ayuntamiento Alcazar de San Juan. Diagnóstico sociodemográfico para la elaboración del Plan Local de Igualdad 2018-2022.

Concello de Santiago de Compostela. Diagnose de Igualdade de Compostela. Proceso participativo.

Ayuntamiento de La Laguna. Diagnóstico de la situación de la Igualdad entre Mujeres y Hombres en el municipio de La Laguna.

Aproximación a la realidad de mujeres y hombres en Andalucía. 2010. Instituto Andaluz de la Mujer.

Informe diagnóstico de la situación de Álava en relación a la igualdad de Mujeres y Hombres. 2009. Diputación Foral de Álava.

Plan de Acción por el clima y la energía sostenible. Concello de Vilaboa Proyecto subvencionado por las ayudas destinadas locales que firmaron el Pacto de las Alcaldías para el Clima y la Energía Sostenible. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

<https://vilaboa.gal/wp-content/uploads/2021/12/plan-igualdade-asinado.pdf>

[https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad\\_genero\\_y\\_des\\_sostenible/PLAN%20ESTRATEGICO%20PARA%20LA%20IGUALDAD%20DE%20G%C3%89NERO%202011-2014\\_tcm30-152228.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad_genero_y_des_sostenible/PLAN%20ESTRATEGICO%20PARA%20LA%20IGUALDAD%20DE%20G%C3%89NERO%202011-2014_tcm30-152228.pdf)

[https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/organizaciones\\_recursos/es\\_material/adjuntos/metodologia\\_elaboracion\\_diagnostico\\_plan\\_igualdad\\_empresas.pdf](https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/organizaciones_recursos/es_material/adjuntos/metodologia_elaboracion_diagnostico_plan_igualdad_empresas.pdf)

[https://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/images/FONDO\\_DOCUMENTAL/EMPLEO/MEDIDA\\_PLANES\\_IGUAL\\_PUBLICACI/Monografico%203.%20EI%20diagnostico%20en%20materia%20de%20igualdad.pdf](https://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/images/FONDO_DOCUMENTAL/EMPLEO/MEDIDA_PLANES_IGUAL_PUBLICACI/Monografico%203.%20EI%20diagnostico%20en%20materia%20de%20igualdad.pdf)

<https://www.tenerifevioleta.es/wp-content/uploads/2021/04/Diagn%C3%B3stico-II-METV.pdf>

<http://www.igualdadnavarra.es/imagenes/documentos/-32-f-es.pdf>

<https://www.laspalmasgc.es/export/sites/laspalmasgc/.galleries/documentos-igualdad/III-plan-de-igualdad-entre-mujeres-y-hombres.pdf>

[https://www.donostia.eus/info/ciudadano/igualdad\\_plan.nsf/vowebContenidosId/0C00B4467B5C542DC1257B950036D12B/\\$file/Ondorioak\\_gaztelera.pdf](https://www.donostia.eus/info/ciudadano/igualdad_plan.nsf/vowebContenidosId/0C00B4467B5C542DC1257B950036D12B/$file/Ondorioak_gaztelera.pdf)

<https://vilaboa.gal/>



<http://www.xunta.gal/nomenclator>

<https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

<http://www.ine.es/>

<http://www.inmujer.gob.es/>

<http://igualdade.xunta.es/>

<http://www.ces.es/>

<http://www.igualdadebenestar.org/>

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/home.htm>

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/pactoEstado/>

<https://www.poderjudicial.es/cgpi/es/Temas/Violencia-domestica-y-de-genero/Actividad-del-Observatorio/Datos-estadisticos>